



Valador do Cidadán
Actuacións de Oficio

O asociacionismo cultural no municipio de Vigo

Dirección: Luis Espada Recarey

CONCELLO
DE VIGO



O ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO



VALEDOR DO CIDADÁN
Actuacións de Oficio

Dirección: Luis Espada Recarey

Dirección

Luis Espada Recarey

Coordenación xeral

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

Coordinación temática y bibliográfica

Javier Iradiel Sánchez

Colaboración

Marta Comesaña Romero

Guillermo Rey González

Francisco Javier Rodríguez Rodríguez

Deseño e paxinación

Diego Durán

Imprime

Roel Artes Gráficas

ISBN

978-84-697-1525-3

Dep. Legal

Depósito Legal: VG 742-2014

Oficina do Valedor do Cidadán

R. Policarpo Sáenz, 15 4º

Casa das Artes – 36202 Vigo

Tlf: 986 430 047

Fax: 986 227 774

e-mail: valedordocidadan@vigo.org

web: <http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>

ÍNDICE

LIMIAR	7
OBXECTIVOS DO ESTUDO	9
CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO ESTUDO	
1. Metodoloxía	10
1.1 Deseño do estudo	10
1.2 Definición da poboación asociativa e obtención da mostra	11
1.3 Deseño e elaboración do cuestionario	12
1.4 Desenvolvemento do traballo de campo	12
2. Ficha técnica	13
PARTE I: CONCEPTO DE CULTURA	
1. Introducción	15
2. As experiencias de lecer e consumo como cultura	17
3. Os poderes públicos e a tutela do acceso á cultura	19
4. As administracións públicas e o movemento asociativo privado	22
5. Auxe do movemento asociativo	24
PARTE II: O ASOCIACIONISMO CULTURAL NO ESTADO ESPAÑOL	
1. Introducción	27
2. Nova situación e cadro legislativo	27
3. Volume do asociacionismo cultural en España	29
4. Sectores e expresións artísticas do asociacionismo cultural	34
5. Resultados e novas tendencias do asociacionismo cultural	36
PARTE III: O ASOCIACIONISMO CULTURAL EN GALICIA	
1. Antecedentes	39
2. O asociacionismo cultural na preautonomía e transición	42
3. Situación actual	43
4. Perspectivas	46
PARTE IV: O ASOCIACIONISMO CULTURAL EN VIGO	
1. Introducción	49
2. Contexto socioeconómico	50
3. Evolución histórica do movemento veciñal	52
4. Evolución do asociacionismo cultural	58
5. Rexistro Municipal de Asociacións	61

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

5.1 Normativa aplicábel.....	61
5.2 Inscripción no Rexistro Municipal	63
5.3 Actualización dos datos e documentación rexistral	63
5.4 Portal das Asociacións.....	64
5.5 Outros rexistros.....	64
6. Tipoloxía e representatividade do movemento asociativo	67
6.1 Tipoloxía do movemento asociativo.....	67
6.2 Representatividade por tipoloxía.....	68
7. Distribución no espazo das asociacións	70
PARTE V: RESULTADOS DA ENQUISA	77
CONCLUSIÓNS	101
RECOMENDACIÓNS	103
BIBLIOGRAFÍA.....	105
ANEXOS	
Anexo 1: Entidades que non responderon a enquisa.....	108
Anexo 2: Entidades con correo postal devolto	116
Anexo 3: Entidades que comunicaron o seu estado de inactividade.....	120
Anexo 4: Entidades descartadas deste estudo.....	121
Anexo 5: Cuestionario	124

LIMIAR

Con esta Actuación de Oficio, o equipo da Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo promoveu a realización dun proxecto de investigación que, a partir da recolla dunha variada bibliografía e da realización dunha enquisa autoaplicada, tivese como contido o estudo sobre o asociacionismo cultural no municipio de Vigo.

Máis concretamente, os propósitos deste estudo, de forma semellante aos promovidos por outras institucións, oriéntanse a:

1. Realizar unha foto fixa o máis actualizada posíbel do estado do asociacionismo cultural no municipio de Vigo que contribuíse á caracterización dos seus elementos máis definitorios.
2. Realizar unha diagnose das fortalezas e fraquezas que afectan ao tecido asociativo-cultural do municipio.
3. Concretar un conxunto de propostas de actuación que, a partir das procuras formuladas desde o propio movemento asociativo cultural, informasen á administración das accións demandadas en prol dun mellor desenvolvemento das actividades asociativo-culturais.

Consoante estes propósitos, o Informe está estruturado da seguinte maneira.

En primeiro lugar, descríbense os obxectivos deste estudo así como as características técnicas do mesmo, onde se detalla a metodoloxía utilizada.

A parte primeira contribúe a conceptualizar a cultura, tendo en conta a súa relación co lecer e consumo, coas administracións públicas e as tendencias do movemento

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

asociativo. Nunha segunda realízase unha análise do asociacionismo cultural no contexto estatal. Este apartado inclúe consideracións normativas, dimensiona o volume do asociacionismo cultural e describe as novas tendencias que nel se producen. Na terceira parte analízase o asociacionismo cultural en Galicia apuntado tanto a súa evolución diacrónica até o momento actual como as perspectivas futuras.

Seguidamente, a parte cuarta analiza o asociacionismo cultural no municipio de Vigo tendo en conta o contexto socioeconómico e a evolución histórica das entidades chave da cultura de base, como son o asociacionismo veciñal e o cultural. Tamén inclúe unha análise da tipoloxía e representatividade do movemento asociativo e a súa distribución espacial. Para desenvolver as epígrafes desta parte procedeuse á recolla e actualización (até onde foi posíbel) de documentación municipal relativa ao Rexistro Municipal de Asociacións (Concellaría de Participación Cidadá) e ao estudo sociolóxico realizado no cadro da elaboración do PXOM (Xerencia Municipal de Urbanismo).

Os resultados principais do estudo demoscópico aplicado ás asociacións do movemento cultural de base e veciñal existentes no municipio de Vigo, e que tiveron a ben responder ás cuestións formuladas no cuestionario, pormenorízanse nun último apartado.

Finalmente, este estudo inclúe unas conclusións finais e recomendacións.

Luis Espada Recarey

OBXECTIVOS DO ESTUDO

Estudar e analizar as entidades ligadas ao asociacionismo cultural e veciñal, os cales, pola súa caracterización e tipoloxía, son representativos e elementos chave no desenvolvemento da cultura de base no municipio de Vigo.

Tomar como obxecto de estudo o «asociacionismo cultural vigués» significa, pois, facer unha tripla delimitación: focal (asociacionismo), sectorial (cultural) e territorial (no ámbito do municipio de Vigo), onde fican retratadas tres condicións que se retroalimentan, na medida en que matizan o tipo de asociacionismo analizado, a cultura asociativa referida no estudo e o nivel territorial onde se localiza.

Entre outros, este estudo analiza os seguintes aspectos da vida asociativa, agrupados nas seguintes dimensións:

1. O perfil básico das asociacións culturais viguesas, comprendendo as variábeis de tipo temporal, espacial, estrutural, organizativo e funcional, que dan conta das características máis elementais dunha asociación (data de fundación, localización, fins, actividades,...).
2. O volume básico dos asociados ás entidades, incluído as dimensións cuantitativas do fenómeno asociativo-cultural, a composición e estrutura funcional dos membros das entidades (número de socios, de traballadores, voluntariado,...), así como o grao de participación.
3. A orientación da actividade asociativa desenvolvida por cada entidade, precisando a orientación da disciplina artístico-cultural desta, segundo o tipo de prácticas que acostuman a desenvolver como agrupación.
4. O estado dos recursos dispoñíbeis, tanto de tipo de dispoñibilidade espacial, material e económico-financeiro, identificando parámetros como a orixe dos recursos que posúen ou a contía orzamental anual.
5. As relacións das agrupacións co seu entorno, explorando particularmente as ligazóns establecidas coas institucións públicas (nos niveis administrativos municipal, provincial e autonómico), e das ligazóns na súa comunidade de referencia, dando conta tanto da súa presenza social como da súa proxección cultural.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO ESTUDO

1. METODOLOXÍA

Na bibliografía dos estudos realizados sobre participación social, e máis concretamente naqueles focalizados no estado da realidade asociativa, existe unha diferenciación entre os que acentúan a dimensión obxectiva da realidade asociativa e os que atenden á súa dimensión subxectiva. No primeiro caso, a aproximación da dimensión obxectiva correspóndese cun nivel analítico esencialmente cuantitativo, onde a técnica de investigación máis frecuentemente empregada para obter informacións é a sondaxe estatística, dadas as súas potencialidades para describer esquematicamente os fenómenos sociais. Pola súa parte, as posibilidades que ofrece a metodoloxía cualitativa e as súas técnicas asociadas, como a observación, os grupos de discusión ou as entrevistas en profundidade, considéranse as máis apropiadas para o tratamento da dimensión subxectiva, facilitando deste xeito a interpretación de fenómenos complexos, outorgándolle un especial relevo á consideración dos contextos en que os actores sociais insiren as súas prácticas.

A abordaxe metodolóxica deste traballo alicerzouse na técnica da enquisa, nas condicións que se describen na ficha técnica. Neste caso, tratándose dunha escolla metodolóxica que se considera oportuna para elaborar unha radiografía do perfil do asociacionismo cultural do municipio de Vigo, na medida en que permite identificar as principais características territoriais, sociodemográficas, organizativas e funcionais do obxecto de estudo.

Consoante o procedemento metodolóxico adoptado, a investigación conducente á realización do estudo seguiu diferentes fases que a seguir se describen.

1.1 Deseño do estudo

A realización do estudo comportou, por un lado, precisar, delimitar e concretar o obxecto de estudo, dada a inexistencia dun importante número de antecedentes bibliográficos e documentais sobre o estado do asociacionismo cultural vigués e, por outro lado, foi preciso identificar e valorar os diversos rexistros de asociacións catalogados, así como outras fontes secundarias que ofreceron datos complementares, co obxectivo de acotar o universo de entidades a inquirir.

En xeral, presentáronse os seguintes problemas metodolóxicos: o acotamento inicial da investigación, a construción de directorios de entidades, a estimación definitiva da

poboación de entidades e a obtención dunha mostra que fose abondo representativa da poboación deseñada.

Tamén se detectou a existencia de dificultades ligadas ao estado de manutención e actualización da información dos rexistros de asociacións utilizados como fontes de datos para esta investigación. Isto pode ser debido a causas variadas, principalmente o descoñecemento da normativa, o seu incumprimento, a incomunicación entre as entidades e as administracións e a falta de medios por parte das institucións, así como por parte das entidades.

1.2 Definición da poboación asociativa e obtención da mostra

Para superar os condicionantes referidos anteriormente, procedeuse a tipificar e delimitar a poboación asociativa existente no municipio de Vigo no momento da realización do estudo.

Por un lado, compiláronse os datos do Rexistro Municipal de Asociacións¹ xestionado pola Concellaría de Participación Cidadá do Concello de Vigo e do Rexistro de Asociacións de tipo cultural da provincia de Pontevedra da Xunta de Galicia². Por outra parte, comparáronse as informacións extraídas destes directorios oficiais con outras fontes que permitisen reunir os datos incompletos a fin de poder realizar correctamente o posterior envío postal dos cuestionarios, para o que se consultaron outros directorios.

Mediante a combinación destas fontes oficiais e oficiosas, identificouse un total de 569³ asociacións culturais censadas no municipio de Vigo con anterioridade a abril de 2014 ás que lle foi enviado o cuestionario aplicado.

A efectos de definir a poboación asociativa, foron excluídas un total de 111 asociacións do rexistro provincial de asociacións culturais da Xunta de Galicia por considerar que non se axustaban ao perfil obxecto do estudo. Trátase de asociacións que ou ben pertencen a outros ámbitos, entre os cales, o educativo (asociacións de antigos alumnos), agremiacións profesionais, relixiosas, colectivos estranxeiros, colectivos de afectados ou que, mesmo cun carácter cultural de base (por exemplo, as comisións de festas ou peñas de diferente signo), non responden ao perfil expresamente artístico-cultural da investigación realizada (ver Anexo 4).

1) Accesíbel desde: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/asociacions>

2) Accesíbel desde o servizo de Publicación electrónica de rexistros administrativos da Xunta de Galicia: <http://www.xunta.es/rexistros/RexistroRAS.htm>

3) Excluindo as asociacións repetidas (69) nos rexistros consultados, a suma das asociacións presentes nas fontes consultadas configuran un censo conformado por un total de 680 asociacións culturais radicadas en Vigo.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

Apesar dos axustes realizados, cabe tomar esta cifra como unha contía altamente inflacionada, dado que nos rexistros non figuran as baixas que deberon cursar as entidades disoltas ou extinguidas. Así sendo, durante a realización do traballo de campo até 19 entidades contactadas responderon comunicando expresamente que estaban inactivas desde había anos (ver Anexo 3). Igualmente, debido a esa falta de actualización dos rexistros sexa debida a alta proporción de enquisas que viñeron devoltas (132, o que representa o 23,2 % das enviadas) por non coincidir o enderezo do destinatario cunha asociación cultural (ver Anexo 2).

Unha vez confeccionada a poboación asociativa, procedeuse á delimitación da mostra de asociacións culturais tomando como criterio a tipoloxía elaborada pola Concellaría de Participación Cidadá que figura no Rexistro Municipal de Asociacións e que responde ás actividades e finalidades das mesmas. Así, a categoría de cultura e arte, abranxe diferentes subtipos que engloban asociacións netamente culturais, o folclore e música tradicionais, gastronómicas, fundacións e centros de estudo, de comunicación, de coleccionistas (filatélicas e numismáticas) e artísticas en xeral nas súas diversas modalidades (teatro, danza, corais, artes plásticas, literatura, cinema, fotografía,...). Igualmente, pola súa natureza cultural como pola súa denominación, determinouse que se integrasen na mostra definitiva deste estudo sobre do asociacionismo cultural no municipio de Vigo as censadas como asociacións veciñais, animación sociocultural e dinamización comunitaria e sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos e círculos.

1.3 Deseño e elaboración do cuestionario

No mes de abril de 2014 elaborouse o instrumento da investigación (enquisa autoaplicada) a partir dunha análise da bibliografía existente sobre esta materia e dos propios obxectivos formulados para este estudo.

O cuestionario (ver Anexo 5) inclúe unha ficha técnico-descriptiva, para recoller os datos identificativos da asociación e unhas preguntas abertas nas que se preguntaba por variábeis como as actividades realizadas, unha valoración destas, as dificultades que encontraron e as relacións coas administracións públicas.

1.4 Desenvolvemento do traballo de campo

O cuestionario de autocumprimentación foi distribuído fundamentalmente por correo postal (aínda que tamén se habilitou en formato electrónico) e encamiñado ás asociacións culturais viguesas seleccionadas como parte da poboación definitiva.

O traballo de campo realizouse entre maio e setembro de 2014. No 95% dos casos o cuestionario foi remitido en tres ocasións (maio, xullo e setembro) nunha comunicación postal que inclúa unha carta asinada polo Valedor do Cidadán nas que se transmitía o obxectivo do estudo e animaba ás entidades contactadas a participar na enquisa. Tamén se contactou por correo electrónico con aquelas entidades que dispuñan desta vía de comunicación.

Transcorrido o prazo para a recepción da resposta, obtivéronse un total de 64 cuestionarios válidos, que corresponden a unha taxa de resposta do 15,3% (se excluímos da mostra definitiva as asociacións que comunicaron expresamente o seu estado de inactividade, así como as cartas postais devoltas por non se corresponder o seu enderezo de destinatario coa entidade). Deste modo, o estudo sitúa a súa representatividade en cifras equiparábeis ás conseguidas noutras investigacións de natureza semellante⁴.

2. FICHA TÉCNICA

- Obxecto de estudo: Asociacións culturais operantes en Vigo.
- Ámbito xeográfico: municipio de Vigo.
- Fonte principal: Rexistro Municipal de Asociacións (Concello de Vigo) e Rexistro Provincial de Asociacións Culturais da provincia de Pontevedra (Xunta de Galicia).
- Fontes complementares: Directorios electrónicos de asociacións.
- Poboación seleccionada: 680 asociacións culturais identificadas como culturais e/ou artísticas e asociacións veciñais (eliminando duplicados).
- Poboación fallida: 132 asociacións culturais non contactábeis (por non corresponder co enderezo de destinatario).
- Mostra obtida: Resposta válida recibida de 64 entidades.

4) En comparación con estudos precedentes, a representatividade obtida neste proceso aproxímase á conseguida no estudo «El asociacionismo cultural en la provincia de A Coruña» (equipo Interea, 2008), que era dun 16% sobre 6.354 asociacións culturais identificadas. Igualmente, tamén e equiparábel ao 23% alcanzado no «Mapa Cultural de Galicia» (Caride, Meira y Requejo, 1991) sobre unha poboación de 440 asociacións culturais. De igual modo, o proceso de sondaxe realizado para a «Enquisa sobre o Terceiro Sector en Galicia» (Pérez Díaz y Lopez Novo, 2005) obtivo unha taxa de resposta do 15% sobre unha poboación estimada de 6000-7000 entidades censadas en toda Galicia.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

- Taxa de resposta: 15,31%.
- Criterio de selección da mostra: Segundo o criterio do tipo de asociación de natureza cultural e/ou artística e veciñal.
- Datras de realización do traballo de campo: Entre 1 de abril e o 30 de setembro de 2014.
- Técnica de investigación: Cuestionario cumprimentado polos entrevistados, remitido por correo postal e dispoñíbel en soporte electrónico, con tres envíos postais.

PARTE I

CONCEPTO DE CULTURA

1. Introducción

A palabra «cultura» é un termo estraño e cheo de implicacións. Na lingua falada actual é utilizada principalmente no senso antropolóxico suxerido no século XIX polos estudiosos das sociedades pasadas: «A cultura ou civilización, entendida no amplo senso etnográfico da palabra, é todo un complexo que abarca o coñecemento, as crenzas, a arte, a moral, o dereito, os costumes e calquera outra competencia e hábito que teña adquirido o home como membro dunha sociedade». Con certeza, os antropólogos do século XIX, como farán despois os historiadores, diferenciaban perfectamente entre a civilización das chamadas «tribos inferiores» e a das «nacións máis avanzadas», entre «cultura primitiva» e «cultura moderna». Tal como sinalou o grande historiador francés Fernand Braudel, a «cultura», en singular, posúe un significado distinto ao de «culturas» en plural. O singular é un concepto absoluto, único e universal; o plural é relativo dependendo das condicións sociais, políticas e mesmo históricas das sociedades contemporáneas.

A voz «culturas», portanto, apunta para un conxunto de valores, ben como a un número de prácticas cotiás que teñen a ver co comportamento social: a comida que inxerimos, as roupas que vestimos, o tipo de lecer que practicamos, os rituais polos que nos rexemos, as tradicións que acatamos ou inventamos e as ideas que nos guían. Neste caso, a cultura é, -utilizando unha expresión contemporánea-, un estilo de vida. Na súa significación actual, que se alicerza no pensamento do Iluminismo, a noción de cultura presenta, mormente, unha connotación de civilización e excelencia, isto é, de «boas maneiras». En 1787, Condorcet propuxo a versión optimista deste concepto, versión que algúns considerarían, coa perspectiva que dá o tempo,

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

redondamente inxenua: «Canto mais se espallar a civilización polo planeta, tanto máis frecuente será asistir á desaparición das guerras e das conquistas, da escravitude e da pobreza». Mais tamén existe unha perspectiva pesimista do termo, unha visión negativa que é resultado da reacción contraria ás formulacións do Iluminismo e que se mantén nalgúns ambientes até a actualidade. Segundo esta versión, a cultura, ao se xeneralizar e entrar en contacto co gusto vulgar dun público moi amplo, tende inevitabelmente a se deteriorar e a perder o carácter de excelencia civilizada, isto é, o carácter elitista co que utilizaban os alemáns o termo Kultur no século XIX. Neste sentido, a noción presenta inevitabelmente unha lectura política e social intereseira, xa que suxire a perda de valores e o choque entre diversas culturas, alta e baixa, popular e selecta, e entre os grupos sociais dominantes e os subordinados.

Tradicionalmente, o concepto máis difundido de cultura serviu para representar un conxunto de actividades artísticas e intelectuais e para definir como «culturais» algúns produtos concretos: a literatura, a pintura, a música, o cinema ou as representacións teatrais, por exemplo. Neste terreno séguese a desenvolver unha antiga batalla coa que estamos todos familiarizados, xa que se dedicou unha considerábel cantidade de enerxía ao establecemento da distinción entre a cultura «elevada» ou «boa» e a cultura «inferior» ou de «masas». A esta última pertencerían as actividades ligadas á música gravada, os concertos ou os espectáculos deportivos. Porén, co tempo foi inevitábel englobar no concepto de cultura as novas expresións surxidas ao abrigo das industrias creativas e culturais, especialmente aquelas nadas através das novas tecnoloxías ou das manifestacións lúdicas e de lecer.

O resultado foi que, nas últimas décadas, a utilización da palabra «cultura» xeneralizouse en todos os ámbitos, abranxendo non apenas unha ampla gama de modalidades tradicionalmente artísticas, mais tamén todas aquelas expresións referidas á dimensión social da cultura, entendida como cadro que permite ás persoas desenvolver actividades ligadas á vida social e cultural da comunidade na que vive e que facilitan a súa integración no conxunto da sociedade. Nesta interpretación predominan os principios da antropoloxía e da socioloxía e o desexo de manter as «identidades», a preservación das tradicións e o legado cultural dunha sociedade nunha determinada época.

A presenza de varias «culturas» no seo dun determinado estado deu lugar á etiqueta de sociedade «multicultural», como se o século XIX tivese sido «monocultural» (cando, de feito, as divisións entre clases e países eran máis profundas). Un exame superficial da linguaxe habitual en calquera dos seus

medios (falada, escrita,...) revela a existencia de centenaes de expresións cuxo propósito é arremesar algo de luz sobre os diversos tipos de culturas: a cultura do goberno, da oposición, da descentralización, a «cultura da desculpa», a «cultura do risco», a «cultura da culpa», a «cultura humanitaria», a «cultura do pracer», a «cultura da aula silenciosa», a cultura do ruído, a cultura do terror, da cidadanía, da confabulación, da censura,... A palabra é utilizada para sinalar pouco máis do que un conxunto de crenzas, unha moda ou un estado de cousas.

A cultura avanza de forma gradual e crece sobre calquera elemento que teña podido encontrar previamente ao seu dispor, valéndose en ocasións dunha fórmula xa comprobada e ben establecida, e recorrendo noutras á innovación radical. Ninguén está certo de que é o que pode «funcionar». Dado que a taxa de fracasos é elevada, resulta prudente mostrarse conservador. Un produce aquilo do que o público xa gosta, mais como este é un mercado moi competitivo, tamén resulta rentábel inclinarse pola innovación. O continuísmo é un elemento integrado na historia da cultura, e o mesmo acontece coa innovación. Os revolucionarios progresos tecnolóxicos dos últimos douscentos anos, -a gravación sonora, o cinema, a radio e a televisión-, difundiron a cultura nunha medida sen precedentes, mais non alteraron a loita constante entre o conservadorismo e a innovación.

O incentivo que impulsa a imitar e adaptar a cultura é moi antigo e, como se advertira no pasado, representa unha grande forza favorábel ao conservadorismo e á continuidade. Por ventura para o progreso, o espírito do continuísmo viuse contrarrestado polo espírito da innovación: o chamado a «dar aos consumidores o que xa coñecen» deixa paso á idea de «dar aos consumidores algo novo». A cultura innovadora, experimental ou de vangarda é un desexo consciente de romper co pasado. A cultura e a arte evoluíron de forma máis ou menos gradual, e sempre ten habido novidades que marcaron o seu avance, mais só en época recente chegaron a ser tan deliberadas as innovacións.

2. As experiencias de lecer e consumo como cultura

Ao non existir unha definición universal, a cultura pode ser entendida de diversas maneiras: ligada unicamente a actividades creativas, artísticas ou científicas, ou ben, en sentido amplo e dunha perspectiva antropolóxica e sociolóxica, como unha suma de actividades humanas, a totalidade de valores, coñecementos e prácticas. Esta focaxe obriga a comprender a dimensión e os procesos que se

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

ocultan por tras dos consumos e actividades de lecer. O consumo, en xeral e o lecer especialmente, foise transformando nas últimas décadas a nivel social, económico e político e foi tomando un carácter máis simbólico que simplemente material ou económico. Para alargar o relevo real dos dereitos culturais, como se denominan xeralmente, faise alusión aos dereitos de todos os individuos a participar na vida cultural, desfrutar dos beneficios do progreso científico, beneficiarse da protección dos intereses morais e materiais resultantes de toda produción científica, literaria ou artística.

Desde metade da década de 1980, boa parte dos discursos dos responsábeis políticos da cultura, ben como de moitos promotores culturais e artistas, introducen de forma crecente argumentacións económicas para tentar lexitimar o papel da cultura na sociedade e defender a intervención pública de apoio á mesma. Conceptos como custo, orzamento, estratexia de mercado, procura e oferta cultural, ou financiamento mistúranse cos conceptos tradicionais utilizados no mundo da arte: creatividade, innovación, comunicación ou experiencia estética.

A cultura, como calquera outra manifestación humana, está formada por un conxunto de obxectos e manifestacións (bens e servizos en terminoloxía económica), que foi preciso producir e distribuír para facer chegar aos seus receptores (público ou clientes) através do mercado. Aínda que faga parte tamén das estruturas de mercado, o lecer cultural destaca unha focaxe ético-humanística a partir da cal a actividade de lecer dota á persoa de máis capacidade reflexiva sobre si propia. Nas sociedades actuais, a cultura vista desde o lecer é unha vivencia, xeralmente compartillada en asociación con outras persoas, unha experiencia humana vital que vai alén do consumo de bens, produtos e servizos culturais tradicionais. O reto actual é aproveitar de maneira satisfactoria a enorme oferta de prácticas de lecer cultural desenvolvidas tanto a partir da participación colectiva como do consumo individual.

Non é estraño, pois, que na actualidade o fenómeno do lecer se teña modificado a nivel social, económico e político nen que se teña convertido nun valor en alta, tanto a nivel individual como colectivo, que debe ser potenciado e axudado polos poderes públicos. Trátase dun recoñecemento novo dos dereitos culturais das persoas como parte dos dereitos democráticos, símbolo de estilo e calidade de vida e mundo de valores da nova cidadanía. A mesma Constitución española vixente recolle de maneira explícita un dos ámbitos do lecer, a cultura, ao sinalar a «vontade de fomentar o progreso da cultura e da economía para asegurar a todos unha digna calidade de vida» e diversos artigos son respectantes aos

principais ámbitos nos que se materializan as actividades de lecer e as posíbeis asociacións cidadás para a súa realización: a cultura, entendida mormente como protección do patrimonio histórico, cultural e artístico; o turismo, vínculo ao dereito dos cidadáns ao aumento da disponibilidad e desfrute de tempo de lecer; o deporte, tendente a favorecer a educación física e a reafirmar a identidade coa natureza e co ambiente. Alén diso, tres sectores da poboación son atendidos preferentemente nestes artigos: a xuventude, como estilo de vida de incipiente participación social e cultural; as persoas con deficiencia, como servizo social que salvagarda os dereitos básicos do ser humano; e as persoas con máis idade, como medio para potenciar a satisfacción persoal e o desenvolvemento das relacións interpersoais.

Un concerto, un libro, un museu, unha telenovela, unha pintura ou os obxectos de artesanía popular son fruto da imaxinación e do traballo creativo dunha ou diversas persoas, mais son desfrutados (ou consumidos) polos cidadáns grazas á existencia de circuitos de produción, de comercialización e de consumo. Por esta razón, é moi difícil introducirse no mundo da xestión dos servizos, os equipamentos ou os proxectos culturais sen dispor dunha visión da produción e os mercados culturais a partir do prisma da ciencia económica. No entanto, as ferramentas tradicionais da economía non son suficientes para explicar o comportamento dos axentes culturais. Para alén do valor funcional dun ben ou dun servizo cultural, cada produto cultural leva implícito un valor simbólico e emocional.

A cultura xera os seus propios mercados. O consumo da cultura aumenta o desexo de máis cultura (hai quen admite mesmo ter «dependencia» a determinados xéneros). A industria cultural do pracer que opera por retroalimentación e que é ilimitada. Neste sentido, podería argumentarse que todo consumo é hedonista: quer de comida, roupa, coches, móbeis ou de calquera artefacto. Os produtores de cultura están conscientes diso. Porén, o pracer do consumo é tamén un pracer de posesión, xa que o consumidor nunca encara o obxecto de consumo como un individuo illado. Algunhas das cousas que cobizamos están en pose dunhas poucas persoas, mais tamén desexamos cousas que todo o mundo ten. Calquera compra é unha actividade social. E tamén é frecuente que o acto da compra indique unha identidade cultural.

3. Os poderes públicos e a tutela do acceso á cultura

A carga simbólica, de identidade ou de prestixio, que a sociedade dá a algúns produtos e manifestacións culturais explica a importante presenza do sector público

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

no financiamento de infraestruturas, proxectos e actividades culturais. Moitas das actividades que na actualidade reciben axuda pública existían ou eran prestadas, até poucas décadas atrás, da máis estrita lóxica do mercado ou do mecenato privado (por exemplo, a ópera ou a produción cinematográfica). Isto era posíbel por razóns de orde económica, tecnolóxica e social dificilmente reproducíbeis na actualidade na maioría de países occidentais. O seu valor simbólico xustifica os enormes recursos financeiros investidos nesas actividades.

O valor social da cultura non é inmutábel, mais que evolúe co tempo e no espazo. Algúns dos seus principais componentes, que se foron incorporando e transformando no decorrer das últimas décadas, reflíctense nas seguintes percepcións e escala de valores:

- Valor de existencia ou de opción: a simples existencia de determinadas formas de cultura beneficia ao conxunto da poboación, pois ofrece a posibilidade de poder desfrutar das mesmas no futuro, aínda que dita opción non se chegue a exercer nunca.
- Valor de continuidade e de herdade recibida: a manutención actual de determinadas formas de cultura e de protección do patrimonio é a mellor garantía para que as futuras xeracións podan desfrutar das mesmas (a non protección duns restos arqueolóxicos ou o desleixo pola práctica dun saber tradicional é unha perda irreversible, xa que non poden ser transmitidos unha vez que teñan desaparecido).
- Valor de identidade: determinadas manifestacións da arte e do patrimonio entraron a facer parte dos elementos constitutivos da identidade local ou nacional, colectiva ou persoal, e como tais adquiren un valor simbólico para a comunidade e poden xerar procesos de cohesión (ou marxinalización) social.
- Valor de prestixio: a arte e a cultura de elite outorga prestixio ás persoas e institucións públicas e privadas ligadas a ela, o que explica o patrocinio cultural.
- Valor educativo e innovación: a arte e a cultura contribúen para o desenvolvemento estético dos individuos, e ao espírito criador e innovador dunha sociedade. A paulatina tomada de consciencia por parte da sociedade occidental do valor colectivo ou dos beneficios externos xerados pola cultura explica a implementación de políticas culturais na maioría de países a partir da metade do século XIX.

Isto explica a existencia tanto dun mercado especulativo sobre as obras dos grandes mestres, como a defensa do patrimonio, a cultura tradicional ou a creatividade por parte dos poderes públicos, ben como a autoexplotación económica de moitos criadores ou o enraizamento dunha comunidade ás súas tradicións sobre a lóxica do mercado. Estas particularidades ou anomalías, que constitúen regras habituais do comportamento económico, representan un repto importante para os poderes públicos actuais, moi preocupados polos cortes orzamentais e polas consecuencias económicas do apoio á cultura até o punto de afirmar, hoxe en día, «a economía da cultura constitúe un terreno de experimentación da pertinencia dos conceptos económicos fundamentais».

A partir da segunda metade do decenio de 1980, o sector da cultura e da comunicación comeza a experimentar unha transformación case tan radical como a experimentada coa invención da imprenta. A aparición de equipamentos multimedia, a dixitalización dos formatos, ben como os grandes logros nas tecnoloxías de telecomunicacións acarretan unha mudanza radical nas formas de produción e consumo. O sector cultural pasa a ser visto como unha actividade chave nas estratexias internacionais de dominio dos novos mercados das telecomunicacións e o lecer; o que provoca un proceso acelerado de integracións empresariais verticais e horizontais, e de mundialización/globalización das estratexias dos grandes grupos empresariais do sector.

Estas mudanzas superpóñense de forma sucesiva ás preexistentes, modificando os parámetros de desenvolvemento dos distintos sectores. A industria cinematográfica transformou e separou (mais non fixo desaparecer) o espectáculo ao vivo; medio século despois foi a sétima arte a que tivo de se reestruturar perante a concorrencia da televisión. As formas de financiamento dos medios de comunicación e, portanto, de boa parte da produción cultural, dependen dos novos sectores económicos e da correspondente distribución do investimento publicitario entre estes.

Outra das consecuencias da transformación do sector é a notábel estagnación dalgúns subsectores, apesar do incremento de peso do conxunto do sector cultura nas distintas economías occidentais. A exhibición cinematográfica perde peso tanto na Europa como nos EUA a partir da eclosión da televisión e a produción editorial, que factura na Europa cinco veces máis que a industria discográfica e oito máis que a cinematográfica, está estagnada desde os inicios da década de 1970. O mercado das artes plásticas flutúa en función da conxuntura económica do momento. Polo contrario, as artes interpretativas ao vivo, ao depender do apoio institucional, beneficiáronse desde a década de 1960 até os inicios dos noventa, tanto na Europa como na América do Norte, dun aumento continuado dos recursos dispoñíbeis.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

As industrias culturais tenderon historicamente a centralizar a súa actividade nunhas poucas grandes cidades ou rexións debido á natureza integrada do seu mercado profesional. Boa parte dos contratos artísticos e técnicos de maior responsabilidade foron temporais, ligados a proxectos específicos, o que, a longo prazo, fixo diminuír o volume do emprego. A necesidade de contar con suficientes profesionais de calidade ou de garantir unha certa continuidade no emprego, forzou, respectivamente, ás empresas, aos grandes centros de formación e aos profesionais a se localizar na proximidade dos grandes centros urbanos dos distintos países como Los Ángeles ou Nova Iorque, Londres ou París, e Madrid ou Barcelona,... Un modelo de desenvolvemento económico que non leve en conta a particular estrutura de valores culturais da sociedade onde se pretende implementar está condenado ao fracaso.

Representa a cultura un atranco ou motor para o desenvolvemento económico? Esta é a pregunta que se fan con frecuencia os xestores públicos e, especialmente, aqueles tecnócratas ben-intencionados que ven fracasar os seus planos de desenvolvemento económico en países con estruturas de valores culturais distintas á occidental. Os valores culturais inciden nas formas de vida e na estrutura social e política de cada pobo, mais tamén nas formas de consumo e de organización do traballo. O modelo dominante do desenvolvemento económico capitalista é o occidental, mais este non se desenvolve por igual noutras realidades culturais. Sexa como for, o modelo occidental contemporáneo integra un conxunto de valores sociais, económicos e políticos, servizos sociais e dereitos humanos dificilmente aplicábeis na súa totalidade á realidade de moitas das culturas africanas, asiáticas ou islámicas con base noutros principios de felicidade e desenvolvemento persoal do ser humano.

4. As administracións públicas e o movemento asociativo privado

Para analizar a delimitación dos espazos público e privado na intervención cultural, deben considerarse dúas cuestións básicas:

En primeiro lugar, o crecente protagonismo das administracións públicas no sector cultural. Ao longo das últimas décadas producíronse tanto un incremento do volume de recursos públicos asignados ás actividades culturais, como unha diversificación das áreas e os obxectivos de política cultural. Esta evolución foi acompañada dun intenso debate sobre a xustificación deste tipo de accións por parte dos poderes públicos. Con frecuencia afírmase que, dunha perspectiva económica, non existe nengunha razón que, de maneira incontrovertíbel, conduza irremisibelmente a defender a intervención estatal no ámbito cultural. Probabelmente esta afirmación sexa igualmente certa na maioría dos sectores públicos susceptíbeis de ser analizados através da racionalidade

e de cálculos económicos ortodoxos, apesar de moitos deles contaren cunha práctica continuada de apoio público. No entanto, a diferenza política reside no facto de que, ás veces, por razóns antropolóxicas e identitarias, existe un grao de consenso ideolóxico sobre outros sectores económicos que sobre o sector cultural.

Portanto, pode concluírse que o crecemento da intervención do sector público no campo cultural produciuse coa consecución dun/s consenso/s colectivo/s sobre uns obxectivos de política cultural a cada vez máis amplos, que tenden a se xustapor e reforzar mutuamente coa pasaxe do tempo. Entre outros, destacan:

- A conservación do patrimonio histórico-artístico.
- O soporte á creatividade e á difusión cultural.
- O fomento da democratización e a participación cultural.
- A protección e o fomento da identidade cultural propia.
- A abertura á diversidade cultural.

Perante as dificultades que teñen certas actividades culturais para se desenvolver no libre mercado, a xustificación da intervención pública no campo cultural reside, pois, no recoñecemento por parte da colectividade de certos valores nas actividades culturais, razón pola cal estas son consideradas bens preferentes.

En segundo lugar, o desenvolvemento das formas de participación da cidadanía en actividades culturais de interese xeral. Grazas a elas tamén se contribúe para o desenvolvemento daquelas actividades que non teñen unha viabilidade económica no libre mercado.

As iniciativas sen ánimo de lucro no campo cultural tiveron historicamente unha grande importancia: desde a participación da poboación nas manifestacións de cultura popular, até o mecenato das clases máis abastadas e poderosas en prol dos artistas. A relevancia das iniciativas privadas sen ánimo de lucro segue a ser moi significativa no momento actual, mais, desde hai unhas décadas, ten presentado un grande desafío: a adaptación dos instrumentos de intervención perante as profundas mudanzas que experimentou o sector cultural no seu conxunto: primeiramente, como consecuencia da crecente intervención dos poderes públicos neste campo; en segundo lugar, polo desenvolvemento das industrias culturais que, entre outros efectos, acarretaron unha transformación de grande parte dos hábitos e das prácticas culturais da poboación.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

A forte irrupción do sector público no campo da cultura comportou, en frecuentes ocasións, conflitos de concorrencia con iniciativas do sector privado sen ánimo de lucro, como consecuencia da converxencia de ambos os sectores nun mesmo espazo de intervención cultural. Porén, cabe levar en conta que «a participación é un dos obxectivos chave da política cultural. (...) A riqueza da nosa vida cultural non depende simplemente dos artistas criativos, mais tamén de innúmeros grupos e asociacións, amiúde con fins altruístas, activos no campo cultural. Estes son un elemento chave nunha sociedade que é diversa, próspera, exigente e emprendedora » (Consello da Europa, 1999).

Neste sentido, a Unión Europea tenta animar ás administracións nacionais e locais para que fomenten un proceso de modernización dos canais de participación da cidadanía e das organizacións sen ánimo de lucro en actividades culturais que, principalmente, se concretiza en dous obxectivos: primeiro, un esforzo por estimular e mellorar as distintas formas de participación da cidadanía en actividades culturais, quer através do tecido asociativo e das fundacións, a partir da promoción do voluntariado cultural,...; e, segundo, o fomento dos mecanismos que estimulen o financiamento de actividades sen ánimo de lucro, a partir da oferta de incentivos a persoas particulares e empresas para o patrocinio e o mecenato de actividades de interese xeral.

Finalmente, debe destacarse a existencia de certas diferenzas no desenvolvemento das iniciativas privadas a favor de actividades sen ánimo de lucro segundo o país considerado. Por exemplo, nos países anglosaxóns existe, en xeral, unha maior tradición de financiamento privado sen ánimo de lucro das actividades culturais. Polo contrario, nos países da Europa continental, obsérvase unha maior tendencia á provisión de servizos culturais directamente por parte das administracións públicas. No entanto, parece que estas diferenzas tenden a diminuír coa devalar do tempo.

5. Auxe do movemento asociativo

A palabra «asociacionismo» ten tamén, como cultura, diversas acepcións e significados. Normalmente enténdese por asociacionismo todo movemento de carácter social e colectivo que propón a creación de asociacións políticas, cívicas, culturais ou de calquera outro tipo a fin de abordar asuntos de interese comunitario. Como tal movemento, é natural que teña tomado auxe e se teña estendido especialmente entre a mocidade, sector social no que as inxerencias de transformación social son, por regra xeral, maiores. Tamén é natural que os poderes públicos teñan tentado encarreirar esas

inquietudes e que, portanto, os distintos organismos e administracións públicas, en todos os niveis, promovan a unión dos xovens para a posta en marcha desas asociacións.

A teor do traballo e das actividades que desenvolven, os seus integrantes ou socios teñen a posibilidade de participar de maneira activa na mellora da sociedade na que viven realizando propostas, formulando proxectos ou desenvolvendo todo tipo de accións que repercutan na mellora tanto do seu benestar como na do resto de cidadáns. Cabe destacar que, no cadro dunha educación social da cidadanía, o asociacionismo ten como obxectivo a participación dos cidadáns no debate público e na «res pública» e que este é o mellor viero para modificar a realidade e mellorar as condicións colectivas de vida, xa que permite perseguir o ben común.

O movemento asociativo de carácter solidario, social ou cultural, vive mergullado nas transformacións, a procura de novos camiños e os desafíos da globalización da sociedade do século XXI. A dinámica dos tempos fixo con que o asociacionismo non teña que suprir novos servizos, mais que pase para unha situación baseada na colaboración, a coordinación e a complementariedade coas institucións públicas democráticas, a fin de garantir conxuntamente o acceso de todos os cidadáns á cultura ou ao benestar social e mellorar, deste xeito, o convivio cidadán.

O dereito fundamental de asociación constitúe un fenómeno sociolóxico e político, como tendencia natural das persoas e como instrumento de participación, perante o que os poderes públicos non poden ficar á marxe. É innegábel, tal como recoñeceu o Comité Económico e Social da Unión Europea en xaneiro de 1998, a importancia que teñen as asociacións para a conservación da democracia. As asociacións permiten que os individuos se recoñezan nas súas conviccións, perseguir activamente os seus ideais, cumprir tarefas úteis, encontrar un lugar na sociedade, facerse ouvir, exercer influencia e provocar mudanzas. Resulta evidente que as asociacións exercen un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo para un exercicio activo da cidadanía e para a consolidación dunha democracia avanzada, representando os intereses dos cidadáns perante os poderes públicos.

A dimensión solidaria humana alicerza a súa satisfacción na libre axuda e no altruísmo que permiten promover determinados valores sociais. Na práctica, o asociacionismo participativo, coñecido tamén como «terceiro sector», é a máxima expresión da dimensión solidaria e introduce aos suxeitos en organizacións, redes e contactos sociais de grande importancia. Grazas a este mundo social extraordinario, os participantes poden alimentar os seus intereses persoais e culturais, facer que permanezan. A esencia do tecido asociativo, especialmente o cultural (teatro, música, folk, tradicións,...) áchase no voluntarismo dos seus socios.

PARTE II

O ASOCIACIONISMO CULTURAL NO ESTADO ESPAÑOL

1. Introducción

Para coñecer o asociacionismo no contexto do século XXI é preciso realizar, en primeiro lugar, unha aproximación do asociacionismo no Estado español, presentando a evolución da súa progresiva relevancia desde a década de 1970 até a actualidade, ben como o desenvolvemento do seu cadro normativo específico, para logo a seguir profundar nas dimensións de participación cidadá no terceiro sector e no tecido asociativo, sinalando os diversos índices de penetración e difusión a partir das principais estatísticas existentes. En segundo lugar, reflectir sobre os desafíos do asociacionismo cultural na actualidade, destacando dous elementos chave para o fortalecemento deste: o incremento da participación cidadá e os desafíos na xestión deste tipo de entidades tendentes á súa rendibilidade (económica e social) e eficiencia operativa.

2. Nova situación e cadro normativo

En España, o tecido asociativo en xeral, principalmente as asociacións culturais, viveu unha historia preconstitucional difícil, marcada polas reticencias, atrancos e mesmo violacións do seu libre desenvolvemento. Apesar diso ou por acharse inmersas, ao igual que o conxunto da sociedade, nesta realidade, traballaron para lograr un cadro de liberdade que permitise actuar libre e espontaneamente. A realidade asociativa foi en aumento nas últimas tres décadas. A comparativa cos inicios do actual réxime democrático non ofrece lugar a dúbidas. Nos anos da Transición, a información sobre as organizacións voluntarias limitábase en xeral a ámbitos moi concretos como a

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

tradicional actuación de beneficencia, o cooperativismo agrario ou o deporte, dentro dunhas estruturas organizativas herdadas do antigo réxime.

Unha marcha acelerada da sociedade española cara a globalización cultural e un proceso imparábel de multiculturalismo produciron, desde 1975, unha eclosión sen precedentes das redes de sociabilidade e do asociacionismo, especialmente cultural e político. Xuntamente a novas formas de vivir a sociabilidade lúdica e festiva espalláronse tamén manifestacións dun folclore tradicional reelaborado ou se inventaron novas tradicións e puxéronse en circulación novos mitos no imaxinario colectivo que alcanzaron grande repercusión mediática. O recoñecemento e o apoio prestado polas institucións estatais e europeas ao dereito fundamental de asociación potenciaron a importancia que teñen as asociacións para a conservación da democracia e o seu papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social. A representación dos intereses da cidadanía perante os poderes públicos através das asociacións tornouse nun instrumento eficaz de representación activa da cidadanía para a consolidación dunha democracia avanzada.

O cadro legal deste novo asociacionismo participativo no Estado español iníciase coa Constitución española de 1978 que regula os dereitos fundamentais e as liberdades públicas protexendo explicitamente o dereito de asociación e obrigando ás asociacións a se inscreeber nun rexistro a efectos de publicidade. Ao abrigo das transferencias de competencias, entre as cales o asociacionismo cultural, realizadas polo Estado ás Comunidades Autónomas en 1994, estas comezaron a asumir a competencia exclusiva na materia e aprobar as súas propias leis de asociacións (País Basco en 1988, Cataluña en 1997, Canarias en 2003, Andalucía en 2006,...). Ao mesmo tempo, en 2002, o Goberno central elaborou a Lei de Dereito de Asociación que incluía nun único texto normativo a regulamentación completa e global de todos os aspectos ligados ao dereito de asociación, os requisitos da súa constitución, contido dos seus estatutos, as relacións coa administración e mesmo as condicións de solicitude e percepción de axudas económicas.

A efectos unicamente de publicidade e de información, a lei de 2002, actualmente vigente, regula a elaboración dun Rexistro Nacional de Asociacións, o procedemento de inscrición e as súas relacións cos rexistros autonómicos de asociacións. Neste rexistro deben inscreeberse as asociacións de ámbito estatal e todas aquelas que non desenvolvan principalmente as súas funcións no ámbito territorial dunha única comunidade autónoma, mentres que, como refere a lei, « en cada comunidade autónoma existirá un Rexistro Autonómico de Asociacións que terá por obxecto a inscrición das asociacións que desenvolvan principalmente as súas funcións no seu ámbito territorial ».

Tanto o Rexistro Nacional como os rexistros autonómicos conteñen os datos básicos sobre as asociacións existentes: denominación, enderezo, ámbito territorial de actuación, duración, fins e actividades da asociación, requisitos de admisión e permanencia dos seus asociados, dereitos e deberes dos asociados, órganos de goberno/representación, patrimonio e recursos económicos,... datos que son a base para calquera estudo científico e cuantitativo do asociacionismo. O cadro legislativo contempla tamén os mecanismos de cooperación entre os diversos rexistros: obrigação mutua de comunicar inscricións e alteracións e facilitar copia de toda a documentación dispoñíbel, o que axuda considerabelmente ao coñecemento público dos datos.

3. Volume do asociacionismo cultural en España

A maioría dos estudos empíricos e cuantitativos abordan a cuestión do asociacionismo en España a escala local e con datos secundarios polo que é difícil realizar unha síntese xeral para todo o Estado. Apenas dous estudos concretos (San Salvador del Valle y Lazcano), que radiografan a situación até 2006, tentárono baseándose fundamentalmente nos rexistros de asociacións de cada comunidade e cidade autónoma, constituíndo estes datos a base da información que vai ser utilizada neste apartado.


Segundo os 19 rexistros que compoñen o Rexistro Nacional de Asociacións, no ano 2006 estaban inscritas por volta de 100.000 asociacións na categoría cultural en todo o Estado, un número excesivo que se explica pola falta de criterios homoxéneos na clasificación e pola mesma ambigüidade do termo cultura que foi explicado na Parte I deste estudo e que torna difícil a súa identificación. Unha depuración de entidades non pertencentes directamente ao ámbito cultural (como as recreativas, taurinas, gastronómicas, deportivas, de terceira idade,...) e unha clasificación máis estrita de sectores culturais, que a seguir se explicarán máis pormenorizadamente, reduciu esta cifra á metade, aproximadamente 50.000 entidades das cales só 42.107 sería posíbel definir con seguridade como «asociacións culturais». Para a comprensión dos datos e análise seguintes, e, portanto, para entendermos o carácter até certo punto relativo dos mesmos, admitiuse como válido tanto o criterio da posíbel clasificación existente en cada un dos rexistros como o criterio da propia denominación das asociacións.

Os rexistros de asociacións permiten establecer relacións comparativas entre as cidades e Comunidades Autónomas, elaborar índices de asociativismo a partir do número de asociacións, censos de habitantes e cifras de asociados. Segundo estes datos, Cataluña, con 7.189 entidades, agrupa o 17 % do total de asociacións culturais do Estado, seguida da Comunidade Valenciana, con cerca de 7.000 (16,5%). Castela e León, con 4.651, e Castela-A Mancha, con 4.143, aproxímanse cada unha ao 10 %

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

do total. Destacan igualmente as comunidades do País Vasco, Galicia e Illas Canarias, con números globais entre 3.000 e 4.000 e porcentaxes próximas ao 10%. Sorprende o volume pouco relevante de asociacións inscritas nas comunidades de Andalucía e Madrid, dúas das máis poboadas do Estado, debido probablemente á maior mobilidade (aparicións e desaparicións rápidas) e á menor definición de obxectivos xeneralistas, pouco clasificábeis nas categorías culturais sinaladas, das asociacións.

Porcentaxe de asociacións culturais segundo Comunidades Autónomas (%)



Concentración de asociacións culturais segundo Comunidades Autónomas

	Nº
Cataluña	7.189
País Valenciano	6.953
Castilla y León	4.651
Castilla-La mancha	4.143
País Basco	3.981
Galicia	3.779
Illas Canarias	2.770

Rexión de Murcia	1.558
Andalucía	1.514
Estremadura	1.253
Comunidade Foral de Navarra	1.104
Principado de Asturias	1.015
Comunidade de Madrid	787
Aragón	484
Illas Baleares	375
Cantabria	336
La Rioja	219
C.A. de Ceuta	66
C.A. de Melilla	20
TOTAL	42.107


Fonte: Idurre Lazcano: El asociacionismo cultural del siglo XXI, p. 263.

No entanto, son estas dúas comunidades, Madrid e Andalucía, as que presentan a proporción de maior número de habitantes por asociacións, 7.634 e 5.268, respectivamente, valores que duplican a ratio de calquera outra comunidade. No extremo oposto, Castela-A Mancha, Castela e León, Comunidade Foral de Navarra e País Vasco abeiran os 500 habitantes por asociación, mentres que o groso de comunidades se achán nunha ratio entre 600 e 1.100 habitantes por asociación.

A nivel provincial pódense observar algúns datos interesantes. Así sendo, a provincia de Barcelona reúne o maior número de asociacións culturais de todo o Estado, con cerca de 5.000, que representan o 11,2 % do total. Logo a seguir áchanse as provincias de Valencia e Alicante, seguidas de Biscaia, Murcia, Santa Cruz de Tenerife e Las Palmas, superando as 1.300. Practicamente mantense o mesmo ranking que para as Comunidades Autónomas, coa excepción das provincias das dúas Castelas, que na ratio de comunidades manteñan unha posición elevada. Como se pode ver polo cadro e gráfica, as cidades autónomas e provincias con menor poboación son tamén as de menor volume de asociacións culturais a nivel provincial. Isto tamén explica que un grupo importante de provincias con menores niveis de poboación sexan as que presentan proporcións inferiores de habitantes por poboación (menos de 500 habitantes), moi abaixo da media do conxunto estatal, que é de 1.062 habitantes. Polo contrario, practicamente metade das provincias áchanse entre os 500 e 1.000 habitantes por asociación, cifras tamén inferiores á media estatal, mentres que, curiosamente, seis das provincias andaluzas, Madrid e Huesca presentan os ratios máis elevados, con máis de 3.000 residentes por asociación cultural.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

Porcentaxe (%) e distribución de asociacións culturais segundo provincias



Concentración de asociacións culturais segundo provincias

Provincia	Núm.	Provincia	Núm.
Barcelona	4.713	Cáceres	635
Valencia	3.392	Badajoz	618
Alicante	2.433	Valladolid	616
Vizcaya	1.883	Guadalajara	611
Murcia	1.558	Zamora	554
Tenerife	1.410	Lugo	552
Las Palmas	1.360	Segovia	517
Guipúzcoa	1.292	Palencia	420
Pontevedra	1.252	Islas Baleares	375
A Coruña	1.251	Cantabria	336
Castellón	1.128	Córdoba	312
Navarra	1.104	Ávila	264
Ciudad Real	1.049	La Rioja	219
Asturias	1.015	Zaragoza	217
Tarragona	989	Cádiz	213
Toledo	947	Soria	209
Gerona	799	Sevilla	205
Madrid	787	Granada	193
Albacete	771	Huesca	167
Cuenca	765	Almería	162
León	734	Huelva	151
Ourense	724	Málaga	146
Álava	716	Jaén	132
Lérida	688	Teruel	100
Burgos	683	Ceuta	66
Salamanca	654	Melilla	20
		TOTAL:	42.107

Fonte: Idurre Lazcano: El asociacionismo cultural del siglo XXI, p. 265.

A fin de realizar posteriormente o estudo comparativo coa cidade de Vigo, máis interesante pode resultar a análise das principais cidades con maior volume de asociacións culturais, presentando o número total de entidades existentes e as relacións correspondentes entre habitantes asociados/municipio e a proporcionalidade

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

entre municipio, provincia e comunidade autónoma. As cidades do Estado que contan con máis número de entidades son Barcelona, con 1.632 e, logo a seguir, Valencia, con cerca de 1.000 entidades. Bilbao, Murcia, Las Palmas de Gran Canaria e Alicante contan con máis de 500 asociacións culturais, e Madrid, Vitoria, San Sebastián-Donostia e Pamplona por volta de 400.

Para comprender estes datos hai que levar en conta o número de habitantes de cada unha das cidades e a proporción que cada cidade garda a respecto da súa comunidade autónoma e provincia. Así sendo, Barcelona, co maior volume asociativo (1.632) é a cidade que presenta a maior proporción de habitantes por asociación (990), mentres que San Sebastián-Donostia é a que presenta a proporción máis baixa (342). Caso excepcional é a cidade de Madrid, que aínda concentrando metade das asociacións existentes na súa comunidade autónoma, presenta unha proporción moi elevada (máis de 8.000 habitantes por asociación) sen dúbida resultado do alto volume de poboación residente e a baixa cifra existente de asociacións estritamente culturais.

4. Sectores e expresións artísticas do asociacionismo cultural

En páxinas anteriores sinalouse a enorme diversidade de ámbitos nos que as asociacións culturais desenvolven a súa actividade ou se definen a si mesmas como plataformas de intervención pública e de transformación social. Tamén advertimos que os estudos máis solventes sobre o tema (San Salvador del Valle y Lazcano), dos cales tiramos os datos deste traballo, realizan unha clasificación da cultura con base en nove sectores culturais (Artes audiovisuais, Artes escénicas, Artes musicais, Artes plásticas e visuais, Artesanía, Literatura, Multimedia e cultura dixital, Patrimonio e Cultura) que constitúe unha división clásica nos estudos teórico-prácticos que abordan o tema e nas directrices das políticas culturais autonómicas e locais que se concretan nos Rexistros públicos de Asociacións. Sectores especializados, portanto, salvo o último denominado «Cultura» que comprende aquelas entidades que desenvolven a súa actividade en torno a máis dun dos nove sectores anteriores.

Seguindo estes criterios, cerca de metade das 42.107 asociacións consideradas como culturais (46 %) interveñen na cultura de maneira global ou abranxendo máis dun sector, polo que non é posíbel clasificalas en nengunha das expresións artísticas nas que se divide cada un dos nove sectores. O resto, un 54 %, áchanse especializadas nun sector da cultura. O sector con maior número corresponde ás Artes musicais (9.230 entidades en total que representan un 22 % do conxunto de asociacións culturais e até 40 % dentre as especializadas). Entre as expresións que conforman este sector destacan a música autóctona (3.020 entidades) en calquera das súas manifestacións,

como por exemplo, as bandas de música, gaiteiros, txistularis, rondallas,... e as corais (2.206 entidades), expresión musical moi específica e con grande enraizamento en todo o Estado. Chama a atención que 80 % das asociacións musicais se concentran en oito comunidades, cada unha con máis de 200 asociacións. En cinco (Galicia, Navarra, Cataluña, Castela-A Mancha, Murcia e Canarias), as dedicadas á música autóctona ten un peso relevante, mentres que nas outras tres (País Basco, Castela e León e Comunidade Valenciana) predominan as corais.

Ás artes musicais séguenlle en importancia numérica as que desenvolven a súa actividade en torno ao Patrimonio (5.511 entidades e un 13,1 %) e as especializadas en Artes escénicas (4.449 entidades cun 10,6 %). Entre as expresións que forman o sector Patrimonio, destacan as dedicadas ao fomento de costumes e tradicións (2.284) coa presenza de sociedades históricas, confrarías, *collas* e irmandades, ben como as que centran a súa actividade nas festas tradicionais (1.627), festas como as de xigantes e cabezudos, as *fallas* ou as de mouros e cristiáns. Non é estraño que sexa a Comunidade Valenciana onde as asociacións dedicadas ao Patrimonio sexan maioría (33%), mais tamén destacan Galicia, País Basco e Cataluña.

Levemente inferior é o número de asociacións (4.449) que compoñen o sector das Artes escénicas, no que as dedicadas ao teatro en xeral supoñen o 58 % (2.513) do sector e a danza autóctona o 28 % (1.165 asociacións). Seis comunidades (País Basco, Cataluña, Comunidade Valenciana, Murcia e as dúas Castelas) contan con máis de 200 asociacións que traballan neste sector da cultura e aglutinan 80 % do total de sociedades dedicadas ás expresións escénicas existentes en España. En todas elas as asociacións dedicadas ao teatro, quer clásico, infantil, de rúa ou contemporáneo, representan unha porcentaxe importante sobre o total de asociacións escénicas. Os grupos e entidades de danza adquiren relevancia en Castela e León, País Basco e Cataluña.

Catro dos nove sectores (Artes plásticas e visuais, Artesanía, Literatura, Multimedia e cultura dixital) non representan en calquera caso cantidades significativas que se aproximen das 1.000 asociacións con porcentaxes en torno ao 1 % cada un e non chegan a representar, as catro xuntas, nen o 5 % do tecido asociativo cultural en todo o Estado. Artes plásticas e visuais, con 875 asociacións, concéntrase fundamentalmente en catro Comunidades Autónomas (País Basco, Cataluña, Castela-A Mancha e Comunidade Valenciana). En todas elas, a expresión que destaca neste sector é a fotografía aínda que tamén as dedicadas a Belas Artes son moi significativas, podendo estar especializadas en pintura, escultura ou gravado. No sector de Artesanía, con 458 asociacións, predomina a expresión xeneralista que adquire maior relevo, polo volume de asociacións, en Canarias e Cataluña. Logo a seguir sitúanse as asociacións dedicadas a oficios e artes decorativas, especialmente en Castela-A Mancha. Os dous últimos

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

sectores, Literatura, con 426 entidades, e Multimedia, con 102, teñen unha importancia residual que responden a expresións moi específicas.

En síntese, Cataluña é a comunidade con maior volume de asociacionismo cultural, o 17 % do total estatal e Barcelona é a cidade que concentra máis número de entidades (1.632), polo xeral máis especializadas nun sector, como música, teatro ou patrimonio, que na cultura en xeral. Andalucía e a Comunidade de Madrid presentan un baixo nivel de asociacionismo cultural inscrito en relación coa dimensión territorial e demográfica de ambos os territorios, o que, consecuentemente, supón o maior número de cidadáns por asociación (7.634 na Comunidade de Madrid e 5.268 en Andalucía). En todas as provincias andaluzas e en Madrid, o comportamento é semellante: baixa asociación, alta proporción de habitantes por entidade e predominio das asociacións que traballan no sector da cultura de maneira non especializada. As tres capitais bascas áchanse entre as dez cidades con máis volume de tecido asociativo, o que torna o País Basco na quinta comunidade autónoma con maior número de asociacións culturais rexistradas e unha ratio de 548 habitantes por asociación. Ao igual que na Cataluña, predominan as asociacións especializadas nun sector máis que na cultura en xeral, especialmente concentradas en Artes musicais e naquelas de carácter patrimonial con expresións en defensa da lingua propia e da tradición oral autóctona como o bertolarismo. O País Valenciano é a única comunidade en que as asociacións que operan nun só sector, a música en Valencia e o patrimonio en Alicante e Castellón, cobran maior protagonismo que as que traballan en torno á cultura en xeral.

5. Resultados e novas tendencias do asociacionismo cultural

Aínda que os logros alcanzados polo movemento asociativo cultural son moitos, é tamén un sentir xeneralizado que este tipo de asociacións require propostas de renovación na mesma definición dos seus programas e obxectivos e, sobre todo, na xestión cotiá da súa actividade. Constátase a urxencia de actualizar o concepto cultura regresando ás formulacións que estiveron presentes nos seus inicios e recuperar o espírito crítico e reivindicativo que caracterizou o movemento asociativo durante décadas co fin de asumir unha maior lideranza na comunidade. Obxectivo básico das asociacións culturais é a manutención de relacións permanentes co sector público, unhas relacións que se sustentan através de subsidios e formas de colaboración a partir de contratos/convenios para a prestación de servizos socioculturais. A colaboración interasociativa debería ser potenciada a partir do traballo en rede entre as asociacións culturais através da troca de recursos e o establecemento de canais de comunicación eficaces.

O proceso de crecente multiculturalización da sociedade española revalorizou o peso e o papel da sociedade civil (articulada en redes asociativas) na xestión cotiá dos asuntos locais. Se por multiculturalidade entendemos a coexistencia e convivio sobre o territorio de máis dun colectivo humano con pautas culturais moi diferentes, o multiculturalismo hispano ten raíces moi profundas que remontan á Idade Media. As mudanzas recentes da vida económica, política e social teñen como resultado a transversalidade e coexistencia de varias tradicións culturais nun mesmo espazo social e unha maior interpenetración da experiencia e das prácticas culturais. É preciso que a multiculturalidade se torne en interculturalidade, diálogo de culturas e relixións. O desafío é construír un proxecto transcultural que desactive os conflitos e confrontos identitarios e interrelixiosos.

A tradición e o folclore son conceptos definidos mais adaptábeis, de maneira que, co menor pretexto, se tornaron nunha boa escusa para que surxa a celebración festiva e para a aparición de novas conmemoracións. O labor de reafirmación identitaria foi tamén en paralelo ao interese polas manifestacións de música popular e tradicional. Así pois, nun contexto onde a presenza ritual e simbólica da cultura popular tradicional está garantida, moito máis que de esporádicos conflitos interculturais (existentes e ás veces de extrema gravidade), hai que falar dunha relativa normalidade cívica e da función reguladora e de control dos asuntos colectivos que desenvolve o sector asociativo. Non se pode negar que a produción nas artes, no patrimonio e nas industrias culturais se acha indisolubelmente ligada ás formas de vida e identidade de cada sociedade, mais tamén é certo que as políticas culturais de hoxe en día teñen cada vez máis en conta os procesos culturais que ocorren fora das nosas fronteiras nunha especie de «ecumenismo cultural» sen precedentes.

É certo que a situación do asociacionismo experimentou mudanzas substanciais desde a década de 1990. O traspaso de competencias sobre asociacións e fundacións do Estado central para as Comunidades Autónomas non foi acompañado dunha acción lexislativa paralela que tentase ordenar o Terceiro Sector e a aplicación dos subsidios públicos. A realidade é que foi surxindo unha sociedade onde o voluntariado e a participación cidadá através de asociacións creceu de forma desmesurada e sen control, sen unha definición precisa dos seus obxectivos ou da súa titulación. As relacións entre o sector voluntario ou asociativo e as administracións públicas non foron fluídas nen tamén non necesariamente harmoniosas. Con frecuencia, o poder político, sexa cal for a súa cor, tentou atraer e instrumentalizar na medida do posíbel o sector voluntario. Noutra orde de cousas, a incorporación da muller como axente activo da transformación cultural tórnase cada vez evidente ao longo da historia recente. En case todas as partes, entre as múltiples asociacións que promoveron actividades de animación e axitación cultural ou cívica, destacan diversas sociedades de mulleres.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

Se ten habido un lugar común na hora de valorizar as entidades do Terceiro Sector, foi o de remarcar o seu papel vivificante e animador nun aspecto central como é o da organización da festa comunitaria. Esta función cultural de animación local, imprescindible e desenvolvida por grupos máis ou menos formais, asociacións e comisións de festas, resulta dificilmente cuantificábel, mais de efectos benéficos para o convivio de individuos e grupos, auténtico motor na engrenaxe do vivir colectivo. No mesmo sentido habería que incluír a mudanza nos hábitos lúdico-gastronómicos dos cidadáns. Mostra excepcional desta transformación é o auxe da rede lúdico-gastronómica de tipo festivo e asociativo.

É evidente que nas sociedades avanzadas producíronse mudanzas económicas e sociais que están a modificar o comportamento humano. Estas mudanzas conducen a unha revalorización xeral do lecer cultural que as asociacións culturais ofertan e que debería estar complementada e coordinada coa ofertada polo resto de axentes. O desenvolvemento das industrias culturais está ligado ao desenvolvemento das industrias de lecer. Esta oferta aliméntase de diversos tipos de actividades, cunha tipoloxía que denota a priori pouca innovación e creatividade por parte das administracións locais. Aínda que as relacións entre lecer, arte e cultura se achan inmersas nunha transformación sen precedentes, as políticas culturais e a cidadanía deben estar preparadas para recoñecer o valor das asociacións culturais como espazos para a práctica de experiencias de lecer. As condicións para un novo paradigma de lecer cultural están dadas e é posíbel admitir que o papel do asociacionismo cultural resulta chave na consolidación dunha sociedade cohesionada e madura. O asociacionismo cultural terá de ir moldándose aos novos hábitos e estilos de vida da cidadanía para que a experiencia dun lecer maduro teña a súa máxima expresión no seo do asociacionismo cultural.

En suma, é difícil mostrar toda a riqueza e variedade destas redes e iniciativas asociativas, mais o panorama é positivo e mostra o contributo das redes de axuda mutua á vertebración e estruturación colectiva da sociedade a partir do esforzo de base voluntaria. En calquera caso, constátase a progresión do sector non lucrativo e evidénciase o desfase crecente entre os canais de participación (cultural ou política) tradicionais e as procuras das organizacións voluntarias surxidas na sociedade civil como resposta a novos desafíos como o multiculturalismo, o control da festa ou o deterioramento do ambiente.

PARTE III

O ASOCIACIONISMO CULTURAL EN GALICIA

1. Antecedentes

A implantación do réxime militar saído da guerra civil supón a desaparición do movemento asociativo cultural de organizacións operarias, institucións políticas, ateneos, sociedades instrutivas e agrupacións activistas en defensa da cultura galega (como Nós ou o Seminario de Estudos Galegos) que vivira o período republicano (1931-39). O control e a intervención centralizada foi o obxectivo principal do franquismo no terreno da cultura desde 1939. O exercicio censor reprimía a diversidade lingüística e cultural, prohibindo o uso oficial e social das linguas españolas que non fosen o castelán.

As dificultades legais para pór en marcha iniciativas que se apartasen da cultura única eran a pauta dunha lexislación moi restritiva. Apesar deste panorama desolador, en Galicia comezan a surxir propostas de relevancia. Así, en 1948 un grupo de galeguistas de preguerra tenta, sen resultado, crear unha asociación cultural en Vigo con restos do republicanismo xunto ás elites urbanas viguesas.

Serán os momentos de permeabilidade e flexibilidade do rexime, como aconteceu entre 1951-56, os que irán permitir a creación dalgúns espazos culturais e a recuperación dos parladoiros como núcleos de disidencia.

A excesiva burocratización do rexime franquista conseguiu que nos inicios da década de 1950 a cultura dependese de varios organismos. O Ministerio de Información e Turismo (1951), que compartía a censura co de Gobernación e o Instituto da Cultura Hispánica (1946), ben como o Ministerio de Educación de Ruiz-Giménez (1951-56), que creou as

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

Casas da Cultura, foron deseñando diferentes planos de cultura vertical, con algúns recursos e fendas aproveitábeis.

Nesta altura un grupo de galeguistas abandona o ámbito político e pasa a priorizar a acción cultural coa constitución en Vigo, no ano 1950, da Editorial Galaxia. Cunha configuración de amplo espectro, desde Vigo, Galaxia iniciou a vía do cultivo da cultura galega através da edición de libros e revistas tornándose nun referente da cultura galega e principal guieiro do que iría acontecer despois. Este colectivo plural era consciente da factibilidade da súa proposta a medio prazo sen moitos riscos no escenario cultural imposto polo Rexime.

Ao pouco tempo, as elites intelectuais urbanas puxéronse a crear espazos, quer propios, como o caso da Asociación de Cultura y Arte Santa Cecilia, promovida en 1952 polo pintor Manuel Torres, quer ao abrigo de organismos oficiais, como a Asociación Cultural Iberoamericana da Coruña (1951), dependente do Instituto de Cultura Hispánica.

A atención de Galaxia dirixiuse tanto á mocidade con inquedanzas como aos autores que quixesen producir textos en galego. Desde este proxecto radicado en Vigo comezouse a facer visíbel a escrita en galego dirixidas ás elites. A súa acción chegou tamén á industria, como Zeltia, que editaba en galego para aconsellar os labregos e a algúns xornais, revistas e pequenas editoriais como Monterrey.

A partir do labor produción literaria e proxección exterior realizado polos membros de Galaxia, ao igual que acontecía noutros territorios periféricos con identidade propia, comezou a articularse unha cultura de oposición ao franquismo co referente das vangardas europeas e o galego como lingua de transmisión.

Os poucos escenarios públicos de cultura (universal) comezaron a introducir temáticas galegas e a reclamar a presenza de membros de Galaxia para pronunciar conferencias e a visibilizar figuras como a de Ramón Otero Pedrayo, como icone do galeguismo. O proceso de recuperación cultural identitaria comezou a robustecerse desde 1955.

O asociacionismo cultural galego colle corpo coa aparición, en Santiago de Compostela, da Asociación «O Galo» en 1961, a primeira en actuar na sociedade de forma aberta e organizada e sen medo á acción pública para propagar elementos identitarios e ser un elo de referencia na recuperación e achegamento ao idioma e cultura galegas. A súa primeira acción foi a organización dunha mostra de 20 pintores galegos. En 1963 nace na Coruña a Asociación Cultural O Facho.

A Lei de Asociacións, aprobada en decembro de 1964, permitiu o desencadeamento do movemento asociativo. Esta lei (Lei 191/1964) recoñecía expresamente a liberdade de asociación e regulaba as asociacións no cadro dunha ditadura. Así, a norma estipulaba que unha asociación se tornaría ilícita se perseguise fins contrarios aos principios fundamentais do chamado *Movimiento Nacional*.

Porén, ese cadro legal permitiu a extensión urbana e a emerxencia dun potente movemento cultural asociativo galego. En mediados de 1965 constitúese a Asociación Cultural de Vigo. Esta asociación, impulsada por varios sectores ideolóxicos con predominio galeguista, valeuse dun grupo de avogados para lanzar o proxecto adiante, con notábel presenza de traballadores bancarios. As presidencias de Camilo Nogueira, os irmáns Álvarez Blázquez, Méndez Ferrín, Franco Grande e Nemesio Barxa déronlle consolidación e continuidade.

A participación nas novas asociacións medrou considerabelmente na segunda metade da década de 1960 a partir de estudantes e profesionais novos, dando entrada á participación feminina. As asociacións proporcionaban un lugar para a autoformación na inculturación galega.

Ao falar do asociacionismo cultural en Galicia, lingua e cultura están intimamente ligadas. Proba diso é que a actividade primordial dos principais movementos culturais e os autores máis destacados da literatura galega, como Castelao ou Rosalía de Castro, foi o seu compromiso coa lingua galega. Así, espallar o uso da lingua galega foi un dos obxectivos fundamentais deste primeiro asociacionismo cultural. Alén dos cursos de lingua impartidos, as conferencias para dignificar e estender o uso social do galego foron das primeiras actividades que se realizaron nas asociacións culturais. Prestixiado o uso da lingua galega e comprobado que as asociacións culturais eran aptas para transmitir e facer cultura, a seguir trasladouse a necesidade de introducir o galego no ensino.

Na altura de 1966 a Asociación Cultural de Vigo, xuntamente co Galo de Santiago de Compostela e O Facho da Coruña, organizou en Vigo un seminario didáctico para «preocupados na lingüística», no que se estableceron os criterios lingüísticos para dar clases de galego nas asociacións culturais.

A rede de axentes culturais, saídos das primeiras asociacións, promoveron a constitución de novas entidades, en estreito contacto coa xuventude, coa colaboración de entidades que prestaban os seus locais para a organización de actividades. Así, na década de 1970 nacen agrupacións como O Eixo en Santiago de Compostela, ou a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda na Coruña, creándose así un fenómeno polo cal o número de

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

asociacións culturais existentes na Galicia chegaría a alcanzar aproximadamente as cincuenta. Ao mesmo tempo, introducíase a cultura galega en asociacións tradicionais de carácter recreativo, en convivencia coas novas directivas.

A ausencia das institucións públicas foi suprida polas actividades promovidas por este tecido asociativo, que incluían actos en defensa do idioma galego, do teatro e o cinema galegos, a edición de publicacións ou a celebración de exposicións, seminarios, ciclos de conferencias e cursos nun constante combate coa oficialidade pola legalización dos actos.

2. O asociacionismo cultural na preautonomía e transición

O asociacionismo cultural foi, antes da chegada da transición e a consolidación da autonomía, un dos actores nos que recaiu a actividade cultural debido á ausencia de institucións que asumisen oficialmente a defensa da cultura galega.

Na esfera pública, os único órganos institucionais que actuaban eran as deputacións provinciais. Ao seren administracións con competencias pouco claras en materia de política cultural, desempeñaron un papel irregular e descontinuo durante o período preautonómico. Preferentemente a súa actuación centrouse no financiamento de iniciativas e eventos concretos, mormente ligados á celebración ou recreación das tradicións e o folclore galego.

A aprobación da Constitución española en 1978 acarreta un proceso de descentralización que permite que nacionalidades históricas como Galicia alcancen un notábel grao de autogoberno facendo que o seu goberno se torne nun actor con alta capacidade para definir e levar a cabo políticas públicas propias.

A aprobación en 1981 do Estatuto de Autonomía de Galicia dotaba ao Goberno e ao Parlamento galego de amplos poderes en materias ligadas á educación e cultura. De feito, o artigo 32 do autogoberno galego establece que corresponde á Comunidade Autónoma a «defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego».

Así, a Xunta de Galicia, asume como obxectivo central o afianzamento e o desenvolvemento da cultura galega, dentro de Galicia e no exterior, para o que deberá procurar achegar o feito cultural a toda a poboación galega, fomentar a creación cultural e ampliar o espazo da cultura galega, coa captación de novos públicos e a abertura de vías de intercambio e relación con outras realidades culturais. Este obxectivo plásmase na práctica en accións levadas a cabo directamente pola Consellería de Cultura através do desenvolvemento de programas propios, ou

ben mediante o establecemento de vías de cooperación e colaboración con outras administracións, tanto públicas como privadas, así como con federacións e asociacións culturais que teñan como fin propio a promoción da lingua galega.

Entre os obxectivos fundamentais das unidades do goberno galego destinadas á promoción e difusión cultural figura o do apoio á cultura de base e ao asociacionismo cultural, coa creación de mecanismos de relación, apoio e desenvolvemento dun sector que foi historicamente decisivo para a continuidade e transmisión da cultura galega.

Xunto con estas mudanzas políticas, durante os últimos anos da ditadura e o inicio da etapa democrática, surxiron fortes presións de diversos sectores da sociedade civil local (movementos asociativos, profesionais do ámbito da cultura,...) que demandaban a necesidade de impulsar políticas culturais propias e máis decididas. Esta procura encontrou o apoio nalgunhas administracións locais que, aproveitando a chegada da democracia, apostaron en conceber e deseñar diversos programas de acción cultural local.

3. Situación actual

Con base na polaridade comunidade-asociación definida polo sociólogo alemán F. Tönnies⁵, pódese referir que o proceso de modernización en Galicia, coincidente no tempo coa consolidación do seu autogoberno, tamén se expresou mediante a creación e difusión do fenómeno asociativo, unha de cuxas ramificacións máis notábeis se estendeu no espazo da cultura. Neste sentido, considérase de interese sociolóxico coñecer a dimensión alcanzada polo asociacionismo cultural galego.

Unha análise das políticas culturais desenvolvidas en Galicia evidencia que as asociacións e fundacións culturais ofrecen na actualidade un claro exemplo da dispersión e limitada profesionalización. Do dinamismo que caracterizou estes axentes sociais na etapa inicial, coa consolidación da autonomía, pasouse a observar un certo declinio destas entidades.

Este declinio é debido máis a problemas de desafección e calidade dos contidos dos proxectos que a unha redución do número de asociacións. De feito, o «II Mapa Cultural de Galicia», presentado polo Consello da Cultura Galega en 2009, a partir dun inquérito realizado en 273 municipios, recolle a existencia de case 5000 entidades socioculturais

5) Ferdinand Tönnies en «*Comunidad y asociación*» (1979) refere que, fronte á adscripción das persoas en familias, grupos e organizacións de carácter comunitario no cadro da sociedade tradicional, o asociacionismo voluntario de individuos é unha das formas e prácticas sociais propias da sociedade moderna, onde predominan as relacións baseadas no instrumental e a razón, dirixidas á consecución de obxectivos concretos.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

activas, entre as que destacan unhas 1.200 asociacións culturais de tipo xenérico, 500 agrupacións musicais ou corais, case 300 grupos de baile ou danza, unhas 150 compañías teatrais e máis dunha centena de colectivos de historia ou patrimonio. Son bastantes máis que as existentes vinte anos atrás.

Outras fontes⁶, cifran en 3.779 as asociacións culturais rexistradas en Galicia, con predominio das asociacións de tipo xenérico. Así, as asociacións que traballan no sector da cultura de maneira non especializada representan o 69%, destacando as provincias de Lugo e Ourense, con máis do 80% e 73% de entidades deste carácter, respectivamente. En segundo lugar sitúanse as asociacións de tipo musical, especialmente dous tipos, as de música autóctona (263 entidades) e as corais (213). Tamén, con máis de 100 asociacións áchase un grupo de entidades dedicadas ás artes escénicas e máis concretamente ao teatro (102).

Expresións artísticas en Galicia (números totais)

Expresións	Nº
Música autóctona	263
Coral	213
Teatro	102
Tradicións e costumes	71
Artísticas	61
Folclóricas	47
Socioculturais	41
Música clásica	35
Cinema	35
Danza galega	26
Patrimonio	25
Literarias	15
Museos	15
Artesanía	12
Jazz e Blues	10
Danza	10
Radio	10
Pop-Rock	6

6) Idurre Lazcano: *El asociacionismo cultural del siglo XXI*, p. 297.

Bailes de salón	6
Belas artes	6
Fotografía	5
Radioaficionado	5
Cerámica	5
Poesía	4
Televisión	4
Linguas	4
Circo	3
Bailes folk e danzas do mundo	2
Festas tradicionais	2
Banda deseñada	1
Folk e músicas do mundo	1
Oficios e artes decorativas	1
Informática e Internet	1

O movemento asociativo de base, que na década de 1980 tiña unha forza e dinamismo, esmoreceu en parte por darse un proceso en que os Concellos asumiron competencias, mais tamén responde a unha visión determinada da cultura. Segundo esta visión, a cultura é entendida como un espectáculo, con grandes eventos puntuais, moi vinculada ao lecer e o turismo en detrimento doutras dimensións como o seu carácter de base.

Salvo excepcións, as asociacións sofren unha excesiva dependencia dos subsidios e axudas públicas, provocando que as actividades culturais e iniciativas que levan a cabo dependan case exclusivamente dos recursos procedentes dos organismos públicos. Desta maneira, nun contexto de crise como o actual, o tecido asociativo reséntese dos cortes orzamentais nos subsidios ás asociacións culturais producidos nos últimos tempos.

Desde o ano 2010 surxiron diferentes tentativas por parte das asociacións de se agruparen através de federacións (por exemplo, a Federación Galicia Cultura) como medio de lograr entre estas entidades unha maior coordinación e colaboración así como de poder concorrer perante as convocatorias promovidas desde as distintas administracións.

No tocante ao asociacionismo veciñal, o II Mapa Cultural de Galicia refere que é nos municipios con menos poboación onde as asociacións veciñais asumen un maior

protagonismo no campo cultural, perante un menor enraizamento das entidades especializadas en temáticas culturais.

4. Perspectivas

No ano 2011, despois dun proceso aberto de debate e reflexión, o Consello da Cultura Galega deu a coñecer a «Reflexión estratéxica sobre a cultura galega» no que, como o seu nome indica, se analiza desde unha perspectiva ampla a relación entre sociedade e cultura e as posibilidades desta como motor de desenvolvemento. O documento apunta unha nova consideración da cultura así como novas formas de a xestionar e gobernar, cunha distribución diferente de recursos e actores.

No tocante ás accións públicas necesarias para fortalecer o tecido cultural e a efectividade das entidades culturais, este documento recolle que se deben desenvolver as potencialidades do tecido civil e valorar o seu contributo ao interese xeral. Os poderes públicos han de apoiar o artellamento do sistema cultural galego tamén desde a dimensión civil e procurar a coherencia conxunta pensando en termos de cadea de valor cultural.

Trátase de fortalecer as entidades e promover a súa autonomía; a capacitación das asociacións e fundacións culturais debería contemplar:

- Aumentar as capacidades das entidades através da súa profesionalización e mellora na xestión, e tamén acrecentando a cualificación dos seus directivos, profesionais e voluntarios para optimizar a organización, xestión, programación e eficacia das súas accións.
- Estimular a súa incorporación á sociedade da información, de xeito que todas as entidades vaian incluíndo as TIC e as potencialidades comunicativas da Internet e as redes sociais nas súas accións corporativas, para o que é preciso que reciban recursos e formación para promover a súa utilización avanzada.
- Soster un sistema de información, dinamización e apoio ás entidades culturais, trasladando ao plano social a proposta do sistema de apoio ás políticas culturais, favorecendo a creación de unidades de transferencia de coñecemento, de bancos de boas prácticas que establezan modelos e fórmulas para anovar as formas de intervención, ou formalizando centros de recursos que fornezan novas ferramentas ás entidades para innovar a súa xestión.

- Garantir un diagnóstico dinámico do sector (número de asociacións, estado, vitalidade, orientación, diversificación e complementariedade,...) e fornecer de análises orientadoras para o seu planeamento e elaborar un mapa das institucións culturais.
- Habilitar unha canle de expresión e comunicación onde todas as institucións dean a coñecer as súas actividades aproveitando as ferramentas da rede e as novas tecnoloxías.

Este inquérito refire que a iniciativa civil é moi relevante na participación cultural, dado que unha parte moi importante da vida cultural se desenvolve de forma afeccionada e, en moitos casos, está ligada con pequenas entidades que dinamizan programacións culturais de grande proximidade á cidadanía. A cultura e a arte afeccionadas son pezas chave para a democracia cultural tanto polo feito de estenderen a cultura a sectores sociais amplos (moitas veces alleos a outro tipo de experiencia artística) como polo carácter eminente activo da práctica cultural.

Finalmente, a reflexión estratéxica sobre a cultura galega reproduce unha das recomendacións ao Consello da Europa⁷, destacando que «as asociacións de voluntarios e fundacións teñen un papel moi importante que desempeñar como intermediarios entre o Goberno e o sector cultural. A súa promoción por parte dos gobernos (mediante incentivos fiscais e subsidios) axudaría ao fortalecemento da sociedade civil e suporía o recoñecemento de que o sector voluntario pode resultar un vector máis apropiado para a acción cultural que o propio Goberno».

Con certeza, esta reflexión final ten a ver coa tendencia existente nos reximes democráticos de perceber as asociacións voluntarias como un actor que contribúe para estruturar a sociedade civil, facilitando a participación e o desenvolvemento da democracia. É máis, nas últimas décadas, as asociacións voluntarias aprécianse como «mediadores sociais» necesarios entre as administracións públicas e os seus administrados/as, mostrando actores políticos e técnicos da burocracia pública unha disposición positiva para promover e apoiar o fenómeno asociativo. Así mesmo, con frecuencia as entidades socioculturais, debido ao seu carácter de asociacionismo voluntario e sen ánimo de lucro, non adoitan dispor de suficientes recursos para poder satisfacer os seus obxectivos, daí que tendan a procurar o apoio económico das administracións públicas para organizar e desenvolver as súas actividades. A confluencia deses aspectos deriva en que os subsidios ás entidades asociativas sexan unha práctica institucional-asociativa bastante xeneralizada no contexto das sociedades democráticas.

7) De «In from the margins».

PARTE IV

ASOCIACIONISMO CULTURAL EN VIGO

1. Introducción

Este apartado expón unha breve análise do movemento asociativo na cidade de Vigo, incluíndo tanto o articulado por intereses de intervención sociocultural, como o de carácter veciñal (territorialmente vinculado).

Para abordar o tecido asociativo de Vigo desde a segunda metade do século XX é preciso describir previamente o contexto socioeconómico do municipio, tendo en conta as transformacións políticas, sociais e económicas máis salientábeis que influíron máis ou menos directamente na dinámica asociativa da cidade. Así, son analizadas algunhas das súas relacións co movemento operario e co crecemento da cidade nas últimas décadas, a situación actual en canto á diversidade de asociacións que compoñen o tecido asociativo, a propia historia do movemento veciñal a partir das súas reivindicacións máis salientábeis e das súas tentativas de coordinación e o que atinxe á súa relación coas distintas áreas sociais da cidade.

Para o desenvolvemento das epígrafes sobre o contexto socioeconómico, evolución histórica do movemento veciñal vigués, tipoloxía e representatividade do movemento asociativo e distribución no espazo das asociacións tomouse como referencia bibliográfica o estudo sociolóxico realizado por Consultora Galega, S.L. no marco da elaboración do PXOM de Vigo (2002) coas actualizacións precisas. A epígrafe sobre o Rexistro Municipal de Asociacións realizouse a partir de informacións fornecidas pola Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

2. Contexto socioeconómico

Vinculada desde a prehistoria ao mar, na historia de Vigo existen dous grandes períodos de crecemento económico: entre 1880-1925, e entre 1960-80. O primeiro período do despregamento da cidade estivo marcado polo auxe sucesivo das actividades ligadas ao mar (pesca, industrias da salga e a conserva) e que culminarían, xa no século XX, coas actividades vinculadas ao porto (construción naval e comercio marítimo). O século XX foi testemuña da reconversión do sector pesqueiro tradicional coa progresiva consolidación de empresas de vocación internacional. Entre os séculos XIX e XX desenvolveuse unha importante industria mecánica auxiliar da construción naval que, máis tarde, se acomodaría cara o sector automobilístico alternativo. Estes elementos sentaron os alicerces da posterior evolución da estrutura produtiva introducindo á economía viguesa nunha economía capitalista mundial.

A vocación internacional da industria viguesa tomou corpo xa no século XIX co auxe da conserva, véndose forzada a vivir unha existencia repregada durante boa parte do século XX debido á irrupción do proteccionismo da autarquía do rexime franquista. No entanto, a cidade soubo reconverter as súas estratexias cando as mudanzas nas lexislacións pesqueiras o exixiron. Co establecemento en 1958 da factoría automobilística Citroën, a cidade desenvolveu e internacionalizou tamén unha estimábel industria auxiliar do sector automobilístico. Este fito marca o inicio do segundo ciclo do crecemento económico. Nesa altura Vigo era un núcleo urbano con potenciais elementos de progreso: concentración de recursos humanos, unha localización xeográfica estratéxica e unha estrutura financeira produtiva medianamente consolidada.

Dadas as expectativas de prosperidade industrial, a estrutura produtiva recibiu subsidios estatais para a modernización dos seus sectores estratéxicos: pesca, construción naval e mecánica de automoción, fundamentalmente. O chamado «Polo Vigo-O Porriño» foi un dos enclaves industriais escollidos polo goberno franquista para implantar políticas de fomento através dos sucesivos «Planes de Desarrollo» co obxectivo de inscribir esta área nunha economía financeira competitiva. Así, o contorno industrial de Vigo representa hoxe o núcleo industrial de maior entidade de Galicia ao concentrar un terzo do valor agregado do país.

As migracións internas desde áreas rurais galegas interiores e o retorno de emigrantes, xunto ao propio crecemento natural, fan que a poboación viguesa se duplique entre 1960 e 1980. Este particular dinamismo sociodemográfico converteu a Vigo, cos seus 296.500 habitantes, na cidade máis importante de Galicia e un crisol feito de múltiples contribucións humanas con diversas orixes.

A inmigración que chegou á cidade foise instalando principalmente nos novos barrios urbanos, adoptando pautas diferenciais segundo a súa procedencia. Así, pódese distinguir, en primeiro lugar, aos emigrantes retornados do estranxeiro que contaban con capitais para investir en bens imóbeis urbanos, ao mesmo tempo que en pequenos negocios independentes. Estes localizáronse preferentemente nos barrios máis próximos do centro urbano (como Camelias ou Travesas). Pola súa parte, a inmigración procedente de zonas rurais de Galicia, ou do estranxeiro pero sen economías suficientes para dedicar á vivenda como investimento, foron situándose preferentemente nos distritos máis afastados do centro ou próximos dos centros industriais, como Beade, Matamá, Teis e Coia. Por outra parte, nas parroquias da periferia, caracterizadas polo predominio da autoconstrución e pola permanencia de pequenos espazos residuais de produción agraria de autoconsumo, prodúcese unha crecente suburbanización.

A década de 1970 introducirá elementos de discontinuidade co modelo de desenvolvemento formulado para a cidade. O inicio da crise pesqueira limitará as expectativas do porto e, colateralmente, afecta ao sector da construción naval, provocando despedimentos en masa. O proceso de reconversión industrial, durante o período democrático, mobilizará á cidade en torno a agrupacións sindicais sectoriais e xerais que exixen solucións integrais. As xornadas de folga da década de 1980 supuxeron un fito histórico de participación cidadá. Unha das múltiples causas da recesión e crise das actividades industriais pode acharse no continuado transvase de investimentos dos sectores industriais para o da construción debido a unha desviación do capital industrial a negocios de carácter inmobiliario.

O movemento asociativo e de tipo veciñal da cidade surxiu nos inicios da década de 1970 no seo desa poboación operaria que foi ocupando os espazos máis ou menos periféricos segundo o momento considerado, vinculando as súas loitas sociais coas inxerencias perante a irracionalidade e desigualdades urbanas en materia de equipamentos, infraestruturas ou vivenda. Estas carencias, xunto coa vontade de reunir a veciñanza en actividades lúdicas, culturais e festivas, serviron, ao mesmo tempo, tanto para unificar as demandas de democratización política como para vertebrar o asociacionismo vigués.

En cada barrio ou parroquia os movementos veciñais adquiriron as peculiaridades do seu territorio. A constancia organizativa e a consolidación da súa lexitimidade local através do éxito nas iniciativas emprendidas fortalecería sobre todo ás asociacións periurbanas.

A perda de peso dos sectores primario e secundario na economía viguesa acarreta unha progresiva terciarización da cidade, acrecentada pola instalación das grandes superficies comerciais que non só obrigaron a unha reestruturación do pequeno

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

comercio, mais que tamén serviron para atraer poboación de Portugal, país co cal na década de 1990 se manteñen os maiores intercambios económicos internacionais. En Vigo prodúcese un alto grao de especialización produtiva, mormente na industria do automóbil á que non afectou a reestruturación económica, desencadeando unha rede de servizos en función das súas necesidades (comercialización e loxística de distribución, xestión e asesoría, actividades financeiras,...). En consecuencia, a poboación viguesa adopta o perfil propio das sociedades pós-industriais desenvolvidas.

O mosaico asociativo foise diversificando, expresándose publicamente, cada vez máis, en asociacións de carácter profesional, asistencial, ecoloxista ou de tipo cultural. O funcionamento de todas elas pode ter igualmente consecuencias no ordenamento da cidade, na proposición de espazos e equipamentos públicos ou na súa xestión cidadá. Así, detéctase a existencia dunha distribución diferenciada de asociacións (deportivas, asistenciais ou educativas, e non só veciñais) en función da «especialización» dos distintos lugares da cidade onde se localizan esas asociacións. Por exemplo, o feito de o 76% das asociacións deportivas e recreativas estaren localizadas na periferia e nos arredores do centro pódese explicar pola carencia de espazos libres e instalacións polideportivas nun centro conxestionado polo tráfico e o comercio.

3. Evolución histórica do movemento veciñal

O movemento veciñal foi un destacado protagonista da vida política, económica e social da cidade de Vigo como articulador das demandas e protestas veciñais. O movemento contribuíu á mudanza institucional e a melloras urbanísticas que tiveron unha das súas manifestacións na completa rede de centros socioculturais existente na actualidade en case todos os barrios ou parroquias do municipio. Logo a seguir resúmense algúns dos acontecementos máis salientábeis da súa evolución.

Os inicios do asociacionismo veciñal remóntanse aos estertores do réxime franquista, máis en concreto á figura dos «alcaldes de barrio» que, na práctica, como mediadores institucionais designados polas autoridades, reducíanse a cursar administrativamente algunhas das procuras veciñais en materia urbanística e de infraestruturas. Na súa emerxencia, as asociacións veciñais combinan, ao mesmo tempo, as procuras de tipo urbanístico co confronto coa ditadura. Na altura de 1975 tres barrios vigueses, Coia, Calvario e Ribadavia, están considerados dentro dos máis «subversivos» de todo o Estado pola expresión do descontentamento social através de asembleas informativas e folgas.

A primeira Asociación Veciñal que se constitúe legalmente en Vigo é a do Calvario, en 1975, aínda que non conseguirá o recoñecemento oficial por parte do Goberno Civil até

ano e medio máis tarde. As súas reivindicacións iniciais pasan pola melloría dos accesos viarios, a solicitude de equipamento de zonas verdes e deportivas, sanidade, ensino e transporte.

En 1976 é cando se produce a eclosión do movemento veciñal vigués, destacando as asociacións das parroquias da zona periurbana. En xullo deste ano xa eran un total de quince as entidades que presentan os seus estatutos: Teis, Lavadores e Cabral (legalizadas), Vigo-Oeste, Vigo-Centro, Beade, Cristo da Vitoria, Sampaio, Candean e Calvario (funcionando «en trámites») e Bembrive, O Rocío, A Florida, Castrelos e San Paio de Navia (en período de xestión).

A Asociación de Veciños Vigo-Oeste foi a primeira tentativa de constitución dun movemento social participativo na zona urbana da cidade. Un dos seus logros foi a edición dunha publicación para promover o debate sobre asuntos como o transporte urbano, o planeamento urbanístico ou a democratización da vida política.

Nese mesmo ano, co obxecto de contar cunha soa voz naqueles problemas comúns, surxe a primeira tentativa de aglutinar todas as asociacións veciñais existentes na cidade através da Coordinadora de Asociacións de Veciños de Vigo, composta por trece colectivos⁸. En recoñecemento da importancia da Coordinadora, o alcalde Joaquín García Picher convidaa a participar na elaboración dos orzamentos municipais de 1978.

A primeira grande manifestación veciñal autorizada após a morte de Franco foi a promovida pola Asociación de Lavadores, convocada para denunciar o deterioramento do barrio e a carencia de subministro de auga. Máis dun millar de persoas acoden á convocatoria portando baldes de auga vacíos e pancartas. O feito de os veciños reclamaren na rúa pacificamente os seus dereitos e exporen a súa problemática urbana particular fixo que esta mobilización sente un precedente para os movementos sociais da cidade. A partir de entón a corporación predemocrática de Vigo tentou manter unha política de aproximación aos barrios para coñecer de cerca a súa problemática. Neste sentido, unha das primeiras aberturas institucionais foi a organización de Tribunais Abertas para tentar responder ás esixencias veciñais.

Durante os primeiros anos da Transición en Vigo e durante a década de 1980 proliferaron as manifestacións e mobilizacións nos barrios da cidade pola tardanza para a resolución dos seus problemas e polos procedementos autoritarios aínda imperantes. Reclamábase acabar co déficit de infraestruturas e equipamentos, un debate sobre o planeamento urbanístico ou a democratización.

8) Vigo-Centro, Vigo-Oeste, Lavadores, Calvario, Cristo da Vitoria, Teis, Beade, Candean, Sárdoma, Sampaio, Bouzas, Alcabre e Coruxo.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

En mediados de 1978 as asociacións veciñais, partidos políticos e sindicatos denuncian a negativa do Concello a alargar a súa representatividade no consello de administración da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Nese mesmo ano a maior parte de asociacións veciñais reclaman novamente a demisión dos concelleiros. As xuntanzas veciñais serven tamén para avanzar na constitución dunha coordinadora de entidades cidadás que defenda os intereses dos barrios perante a chegada das primeiras eleccións democráticas. Sete asociacións (a metade das existentes) deciden redactar un anteproxecto co fin de aglutinar tamén centros culturais, teleclubes e colectivos feministas e contar con asesoramento xurídico, urbanístico, médico e escolar, entre outros. O 24 de outubro de 1978 a Coordinadora desenvolve a súa primeira asemblea, onde se aproban uns estatutos provisorios e se crean comisións sectoriais de traballo.

Logo despois das primeiras eleccións municipais democráticas, celebradas o 3 de abril de 1979, un dos primeiro logros do movemento veciñal foi a incorporación dun representante das asociacións, con voz propia, nas reunións das comisións informativas, a Permanente e o Pleno municipal. O poder de convocatoria e mobilización que posuían as asociacións veciñais nestes anos de referencia tiña un marcado fondo político, sendo en numerosas ocasións apoiadas por organizacións sindicais e políticas, ou actuando conxuntamente. Eses ideais que ligaban o movemento operario e veciñal surxían no contexto en que estaba inmerso a cidade e que se vían acentuados ao se encontrar en barrios con maior número de carencias sociais e económicas, e mesmo con graos de marxinalidade considerábeis.

Durante todo o ano 1979 o movemento veciñal en Coia continuou a protestar pola carencia de infraestruturas e equipamentos e, máis particularmente, a súa oposición á construción dun hipermercado nese barrio.

No inicio de 1980 a Coordinadora de Asociacións Veciñais de Vigo, xuntamente con outras das comarcas do Condado e Val Miñor, organizacións sindicais e políticas promoven mobilizacións para denunciar a precaria situación hospitalar da área de influencia de Vigo. A partir deste evento surxe a Coordinadora Sanitaria da Zona Sur de Pontevedra para presionar aos concellos do sur da provincia e conscienciar a toda a cidadanía.

O movemento veciñal desenvolveu nesta fase un importante labor cultural na promoción e recuperación de festas tradicionais. Así, a Asociación de Vigo-Oeste tivo a iniciativa de recuperar o tradicional Entroido en Vigo, relegado durante anos á privacidade e exclusividade de actos de salón. O certame tivo unha exitosa acollida popular e a día de hoxe segue a ser o movemento asociativo veciñal o que organiza moitas das actividades relacionadas con esta festa popular.

Outro ámbito onde se pon de manifesto a preocupación do asociacionismo veciñal polos aspectos culturais son as tentativas de restaurar e conservar o patrimonio municipal, entre elas:

- Petroglifo da Guía, coa mediación exitosa da Asociación de Veciños de Teis.
- Colexio Alemán, a cargo da Asociación Vigo-Oeste;
- Castelo de San Sebastián, defensa con éxito da renovación urbana do barrio da Ferrería por parte da Asociación Casco Vello
- A Ponte Romana, pola Asociación Val do Fragoso.

As relacións entre o movemento veciñal e as autoridades municipais non sempre foron fluídas, chegándose a producir unha rotura da colaboración entre a Federación de Veciños e o Concello. Nesa altura, as principais reivindicacións do movemento veciñal tiñan a ver co saneamento, a creación ou modificacións das liñas do transporte público así como o condicionamento de todo tipo de vías e infraestruturas.

No ano 1984 a Asociación Veciñal de Teis, un dos barrios máis populares da cidade e tamén con carestía de equipamentos, protagonizou dous intensos conflitos. O primeiro deles tivo a ver coa oposición veciñal, alegando argumentos ecoloxistas e de tradición, á construción dun centro de saúde en terrenos dunha carballeira centenaria no parque da Guía, conseguindo a salvagarda da zona. Outra reivindicación foi a oposición xerada, por motivos de inseguranza, á instalación dos depósitos da petroleiros na zona de Guixar. A veciñanza emprende unha campaña para solicitar o seu traslado para outra zona, conseguindo que as autoridades municipais negocien outra localización coa empresa petroleira. Porén, os acordos tomados nunca foron cumpridos.

No ano 1987 o proxecto de conexión da área portuaria de Guixar coa autoestrada A-9 e coa Travesía de Vigo suscita a oposición da Asociación Veciñal Fonte do Galo, que se opón ao trazado previsto e solicita unha alternativa. Iníciase unha campaña de mobilizacións á que se suma as asociacións veciñais «Rúas de Fontes» (da Travesía de Vigo) e Teis. Finalmente a mobilización desenvolvida consegue os seus obxectivos, aceptando finalmente o Concello a alternativa presentada polos veciños (actual nodo de Isaac Peral).

En 1988 Alcabre convértese nun paradigma das asociacións veciñais. Na parroquia detéctase un surto de hepatite e de casos de tifo. A asociación veciñal «A Nosa Terra» solicita unha análise dos pozos da zona por parte de técnicos do laboratorio municipal,

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

descobríndose que o 80% deles non eran aptos para o consumo humano. Os veciños reclaman medidas urxentes, mormente o inicio inmediato das obras de saneamento e traída de augas, conseguíndoo logo despois de varias entrevistas cos representantes do Concello e da empresa municipal de augas (Emavisa).

Nesta altura foise consolidando, a partir das canles de intervención facilitadas polo movemento asociativo veciñal, unha rede de asociacionismo feminino nos barrios de cara a paliar a situación das mulleres. Neste proceso foi fulcral tanto a iniciativa dos distintos grupos de mulleres en cada asociación como os novos programas de formación e dinamización promovidos polo Concello.

A Federación de Asociacións de Veciños (FAV) que operaba na cidade foi perdendo operatividade por carecer dunha dirección permanente até o punto de que a entidade chegou mesmo a estar disolta, até o punto de estar practicamente desaparecida durante ano e medio. En 1988 constitúese formalmente como unha entidade sen ánimo de lucro, cun contido de xustiza social, defensora das liberdades públicas, do ambiente e do patrimonio artístico e cultural. En abril de 1988 adopta o acrónimo FAVEC, ao acrecentar o nome Eduardo Chao (en lembranza dun antigo ministro da Primeira República vinculado a Vigo). A reivindicación inicial máis senlleira da FAVEC é a aprobación polo Concello dun regulamento de participación cidadá. Se ben nun inicio o Concello non lle confire participación nos órganos municipais, en 1991 asínase un protocolo de participación polo que o Concello recoñece á Federación como representante lexítimo do movemento veciñal na cidade. Logo despois, en decembro dese ano, é aprobado definitivamente o Regulamento de participación cidadá do Concello de Vigo. Este documento normaliza a intervención veciñal nas institucións municipais (principalmente nos consellos sectoriais) e garante a continuidade do movemento veciñal. A FAVEC pasa a facer parte do Consello Económico e Social (CES) de Vigo. Posteriormente formou parte da comisión cidadá de seguimento do PXOU vigués de 1993, sendo a encargada de canalizar todas as propostas surxidas tanto nas parroquias como nas asociacións.

Na primeira metade da década de 1990 o movemento veciñal experimenta unha primeira grande transformación. Dilúese a acción reivindicativa e comezan a ter máis peso cuestións de tipo social en ámbitos como a problemática da drogadicción, a recuperación de festas tradicionais, do patrimonio histórico e do ambiente.

Na recuperación ambiental destacan as actuacións da FAVEC con respecto á recuperación da Xunqueira do Lagares, a da Asociación Veciñal Val do Fragoso na protección do Parque de Castrelos afectado polo tramo do primeiro cinto de circunvalación, a preservación do monte da Madroa e o bosque Salgueiro-Maceirña prexudicados pola

autoestrada Rande-Puxeiros e a problemática do tratamento dos residuos sólidos urbanos. Nisto último, o barrio do Freixo (parroquia de Valadares), é unha das zonas máis directamente afectadas pola existencia do vertedoiro do Zondal, onde surxe unha asociación de veciños dedicada principalmente a esa cuestión.

Para dar solución á problemática das drogas, en coordinación con distintas asociacións e persoal técnico de escolas, unidades asistenciais e sanitarias, e no cadro do plano autonómico de prevención de drogodependencias, formáronse os Planos Comunitarios de Teis e do Casco Vello. Através destes Planos Comunitarios conformáronse plataformas cidadás que dinamizaron, sobre todo socioculturalmente, ás veciñanzas dos barrios que presentaban esta problemática. O Plano Comunitario do Casco Vello, creado en 1991, ademais, dedicou moitos dos seus esforzos na recuperación da vivenda e dos espazos públicos do barrio histórico da cidade.

Finalmente, destacar o traballo do movemento asociativo veciñal en prol da cultura de base local. As asociacións veciñais procuran inserir a cultura nos momentos centrais de convivencia que teñen unha maior incidencia e capacidade de convocatoria. Esta circunstancia dá lugar a que os temas culturais que suscitan un maior interese para as asociacións presentes na FAVEC sexan aqueles que están relacionados co ciclo festivo anual (San Xoán, Magosto, Reis, Entroido, Maíos,...), destacando, pola súa transcendencia, a organización, pola Asociación Veciñal e Cultural do Casco Vello, da Festa da Reconquista, declarada de Interese Turístico Galego e que ten por escenario as rúas do casco vello. Estes eventos organízanse dun xeito moi teatralizado, procurando promover a participación da veciñanza. Tamén nas festas dos socios, organizadas polas diferentes asociacións, inclúense actividades culturais e sociais.

Nas 36 asociacións veciñais presentes na Federación existen 72 grupos culturais, entre os cales, 50 grupos de música tradicional (gaitas, cantareiras, baile...), 4 de música clásica, ademais doutros de animación infantil (teatro, son pregravado, danza, monicreques,...), abranxendo todos eles cerca 1.554 persoas (membros integrantes dos grupos sen contar colaboradores, axudantes ou coordinadores). Neste sentido, a importancia da crecente actividade cultural das asociacións veciñais foise traducindo tamén en atención e axudas por parte da administración. A asinatura de convenios anuais coa FAVEC permitiu concretar un continuo circuíto de actuacións até o ano 2013, através do programa MOVEVIGO.

A programación da última convocatoria de MOVEVIGO incluíu actuacións das agrupacións culturais ligadas ao movemento veciñal, máis tamén outro tipo de actividades e eventos (obradoiros, actos, certames, charlas,...) de contido cultural. O proxecto desenvolveuse en seis programas parciais: Día das Letras Galegas «Cultura

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

da Nosa Lingua», San Xoán «Fogueira de festas», Samaín «Samaín: Espírito de Festa», Magosto veciñal, Nadal veciñal e «Coñece a túa música» (instrumentos tradicionais). A realización destas actividades tiña lugar nas diferentes sedes das entidades federadas e/ou nos espazos establecidos por estas.

O movemento asociativo veciñal foi consolidando a súa presenza e intervención na cidade ao longo de varias décadas, mais só as asociacións das parroquias periurbanas, as máis preocupadas polas cuestións urbanísticas, conservaron uns altos graos de afiliación e participación cidadá nas súas actividades. Outras asociacións que tamén creceron en número e ámbitos de actuación, nas que o urbanismo non é unha cuestión central, disputan os espazos de referencialidade e participación cidadá no centro urbano. De resto, a consecución de moitas demandas clásicas de tipo urbano (centros socioculturais, saneamento, equipamentos, asfaltado de camiños, transporte público, humanizacións de rúas e espazos urbanos,...) rebaixou o conflito social neste campo, apesar de continuar a existiren numerosos ámbitos de preocupación (ambiente, emprego, sanidade pública, ensino,...).

As asociacións veciñais seguen moi activas e dinámicas no municipio de Vigo, consolidando unha longa historia de inxerencias e reivindicacións, case sempre ligadas ao ámbito urbanístico (mesmo de carácter autónomo, como o arranxo de camiños e fontes, a constitución de comunidades de augas, a instalación propia de infraestruturas básicas,...), para os seus barrios e parroquias.

4. Evolución do asociacionismo cultural

A evolución do asociacionismo cultural en Vigo non foi allea á experimentada por este movemento de cultura de base en Galicia e, máis concretamente, nas principais cidades galegas.

Ao abrigo da referida lei de asociacións de 1964 ábreanse as posibilidades de utilización de locais e novos espazos de encontro e debate, propiciando o nacemento de novas asociacións culturais, nomeadamente a Asociación Cultural de Vigo (en 1963). Paralelamente, na secuencia da actualización pos-conciliar, unha parte da igrexa católica abre os locais parroquiais a novas actividades de tipo cultural e social (por exemplo, a parroquia Cristo da Vitoria, no populoso barrio de Coia). Estes grupos, xunto co movemento estudantil e xuvenil procedentes do ensino secundario e universitario, así como a creación das primeiras asociacións de pais de alumnos forman o orixinario movemento asociativo organizado e legalizado.

Nesa altura o asociacionismo ten un perfil interclasista, formado por segmentos sociais das novas clases medias emerxentes (profesións liberais, sectores do movemento operario, comercial,...) e a súa lideranza é unha mistura de militancia sociopolítica, voluntariado, compromiso e activismo en prol da mudanza social.

As actividades do asociacionismo cultural contribúen a rachar coa dinámica da cultura na ditadura, socializando a moita mocidade en contacto con novos formatos de expresión cultural como a reivindicación da música galega, lectura,... Na mesma liña, as asociacións de pais de alumnos desempeñan tamén un papel importante na difusión dos ámbitos democráticos de reunión e expresión, aínda submetidos á tutela oficial e censura.

Así, a actividade sociocultural do Concello respondía á liña do período pre-democrático: cultura oficialista, fastos pretensamente culturais, pseudointelectuais pro-rexime político, actividades monolingües en castelán, folclore andaluz como nacional-español, concepción elitista da cultura,... amenizada por unha programación baseada nos coros e danzas, as festas patronais e fútbol.

As mobilizacións reivindicativas de pais de alumnos, a alternativa cultural que supuñan as actividades promovidas polas asociacións culturais, xuntamente coas reivindicacións do movemento veciñal en prol das melloras na súa calidade de vida diaria urbana, fan que a administración local entre en crise até a celebración das primeiras eleccións democráticas. A constitución da primeira corporación local democrática en 1979 supuxo un corte profundo sobre a situación anterior que afectou tanto ás entidades socioculturais como á administración local.

A nivel do tecido asociativo cultural, o período comprendido entre 1979-95 caracterizouse por un crecemento cuantitativo importante, cunha regresión posterior a partir de 1996. A actividade sociocultural é marcadamente interxeracional, abranxendo todos os sectores da poboación. Paralelamente, dáse unha diversificación da actividade cultural: folclore evoluído, teatro, audiovisual, obradoiros,... onde o galego é a principal lingua de comunicación. Posteriormente, a entrada de xeracións novas pon de manifesto unha mudanza social, con repercusións nunha maior educación formal, un menor activismo e unha mellor situación de liberdades democráticas e mesmo estilos de vida distintos.

A nivel da administración local ten lugar un proceso de creación de equipamentos socioculturais de proximidade de diferente tipoloxía funcional, tendendo a que a súa propiedade/xestión estea en mans do Concello ou cedidos á xestión asociativa (mormente a veciñal). Así mesmo, avánzase na profesionalización coa implantación das figuras de técnicos de cultura, educación, xuventude,... e dáse unha diferenciación

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

funcional entre o xestor/programador sociocultural para a actividade institucional e a de animador sociocultural dirixido á actividade asociativa.

Con diferentes graos, o Concello de Vigo estableceu un procedemento normalizado para tratar institucionalmente o asociacionismo coa posta en marcha das concellarías de Cultura e Participación Cidadá. Este procedemento foi paralelo a un incremento nos orzamentos de cultura ou de relacións cidadás, así como un papábel aumento e unha diversificación da oferta sociocultural.

Modernizada a administración local e cun nivel de infraestruturas e equipamentos importante, o Concello de Vigo é un dos poucos municipios galegos que marcan as diferenzas en aspectos de participación e asociacionismo. Así, a modernización na xestión é paralela á vontade de institucionalizar a participación, transparencia e gobernanza en colaboración coa cidadanía e as asociacións con iniciativas de recoñecemento da capacidade asociativa de representatividade, iniciativa, interlocución e negociación; a elaboración de regulamentos de participación cidadá organizada a partir, fundamentalmente, de consellos consultivos sectoriais; deseño de Planos comunitarios e propostas de regulamentación do voluntariado.

Finalmente, son características definitorias do período aberto a partir de 1996 e tipoloxía de asociacionismo, o tránsito dunha maior necesidade de actividades cooperativas, grupais ou de mudanza social como horizonte para unha posmodernidade máis individualista, moi influenciada polas novas tecnoloxías de información e da comunicación, o cultivo de *hobbies*, actividades menos gremiais e máis minoritarias que está a comportar unha substitución do modelo asociativo dos anos 60-80, de máis compromiso político-social.

No Concello de Vigo, entre as competencias do Departamento de Cultura está a colaboración e financiamento das fundacións culturais e o desenvolvemento da programación cultural. No tocante á animación sociocultural do municipio, o Departamento de Participación Cidadá tamén ten competencias en cultura.

5. Rexistro Municipal de Asociacións

5.1 Normativa aplicábel

Segundo establece o artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais⁹, os Concellos deben establecer un rexistro para a inscrición das asociacións que actúen no seu territorio.

O Rexistro Municipal de Asociacións, ten por obxectivo permitirlle ao Concello coñecer o número de entidades existentes no seu territorio, facilitar as relacións entre estas e o Concello e coñecer os seus fins e a súa representatividade, cara a posibilitar o fomento do asociacionismo e participación cidadá, baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade. Este Real Decreto diferencia entre o Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais e o Rexistro Xeral de Asociacións, no que deben figurar escritas todas as asociacións e independente do primeiro.

Este artigo establece que poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais todas aquelas cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio e, en particular, as asociacións de veciños dun barrio ou distrito, as de pais de alumnos, as Entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais ou calquera outra semellante.

Tamén establece que o rexistro levarase na Secretaría Xeral da Corporación, sendo públicos os seus datos. As inscricións realizaranse a solicitude das asociacións interesadas, que terán de achegar os seguintes datos:

- Estatutos da asociación
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros Rexistros públicos.
- Nome das persoas que ocupen os cargos directivos
- Domicilio social.
- Orzamento do ano en curso.
- Programa de actividade do ano en curso.
- Certificación do número de socios.

No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e salvo que este tivese de interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición, considerándoa a partir dese momento de alta a todos os efectos.

9) Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

As asociacións inscritas están obrigadas a notificar ao Rexistro toda modificación dos datos dentro do mes seguinte ao que se produza. O orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano. Finalmente, establécese que o incumprimento destas obrigacións dará lugar a que o Concello poda dar de baixa á asociación no rexistro.

A importancia da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais ven dada a que o exercicio dos dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños só será de aplicación ás entidades inscritas nese rexistro municipal. Estes dereitos das asociacións e as condicións en que son exercidos veñen dados nos artigos 232, 233, 234 e 235 desa norma.

Así, o art. 232 establece que, na medida en que o permitan os recursos orzamentados, o Concello poderá subsidiar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ás súas despesas xerais como ás actividades que realicen. En tal caso, o orzamento municipal incluírá unha partida a tal fin, e nas súas bases de execución estableceranse os criterios de distribución da mesma que, en todo caso, contemplarán a súa representatividade, o grao de interese ou utilidade dos seus fins, a súa capacidade económica autónoma e as axudas que receban doutras Entidades públicas ou privadas.

O artigo 233 establece o acceso aos medios públicos municipais das asociacións a que se refire o artigo anterior. Estas poderán acceder ao seu uso, especialmente os locais e os medios de comunicación, coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsábeis do trato dado ás instalacións. O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado por escrito ao Concello, coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes.

O artigo 234 estipula os dereitos de acceso á información municipal destas asociacións. Así, sempre que o soliciten, estas entidades poderán recibir no seu enderezo social as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebran sesións públicas cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da entidade. Nos mesmos supostos recibirán as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais. Tamén poderán recibir as publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello, sempre que resulten de interese para a Entidade, atendendo ao seu obxecto social.

O artigo 235 establece a participación das asociacións xerais ou sectoriais nos Consellos Sectoriais, nos órganos colexiados dos entes de xestión desconcentrada e nos órganos colexiados dos entes de xestión descentralizada de servizos municipais.

Esta participación exercerase cando estea prevista nas regulamentacións ou acordos municipais polos que se rexan estes canles de participación veciñal e, no seu caso, na medida en que o permita a lexislación aplicábel, levándose a cabo nos termos e co alcance previstos nos mesmos.

Así, o Rexistro Municipal de Asociacións de Vigo está dirixido ás asociacións sen ánimo de lucro, previamente inscritas no Rexistro provincial, autonómico ou estatal correspondente.

5.2 Inscripción no Rexistro Municipal

A inscrición no Rexistro Municipal de Asociación realizarase presencialmente, presentando a solicitude e documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello.

A documentación requirida polo Concello de Vigo para efectuar a inscrición é:

- Estatutos da entidade (fotocopia compulsada)
- Inscripción da asociación no Rexistro provincial, autonómico ou estatal correspondente (fotocopia compulsada).
- Formulario de inscrición cos datos da asociación
- Orzamento do presente ano (ingresos / gastos)
- Certificado bancario do número de conta da asociación
- Programa de actividades para desenvolver na cidade de Vigo no presente ano
- Certificado do/a presidente/a ou tesoureiro/a da entidade, dos ingresos por cota de asociado e do número de asociados
- Número de célula de identificación fiscal (CIF) da entidade (fotocopia compulsada).
- Observacións

5.3 Actualización dos datos e Documentación Rexistral

Toda vez cada ano, as asociacións inscritas están obrigadas a actualizar os seus datos do rexistro, notificando cantas modificacións se produzan; a excepción dos datos relativos á variación do número de socios, o cal deberá notificarse no prazo dun mes.

No último trimestre do ano, as asociacións presentarán unha memoria onde constará como mínimo a relación de actividades realizadas e o balance económico do exercicio e da súa aplicación, así como o programa de actividades e orzamento para o seguinte ano.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

O incumprimento das obrigas contempladas anteriormente, suporá a apertura do correspondente expediente que poderá dar lugar á baixa no rexistro da asociación incumpridora, coa perda dos dereitos que da súa inscrición se derivan.

5.4 Portal das Asociacións

A Concellaría de Participación Cidadá do Concello de Vigo coordena e xestiona os ámbitos do asociacionismo, intervención e resposta social dos vigueses.

No portal web das asociacións¹⁰ proporciónase información sobre o rexistro de asociacións, infórmase sobre as distintas subvencións municipais para proxectos e iniciativas, facilitando as vías de interacción entre os vigueses e viguesas coa administración local. É utilizado polas propias asociacións, participando nela con noticias, foros, información sobre actividades, etc.

5.5 Outros rexistros

A Lei Orgánica 1/2002, reguladora do Dereito de Asociación, publicada no BOE a 26 de marzo, e vixente desde o 26 de maio de 2002, obriga ás asociacións existentes a adaptar os seus Estatutos á regulación legal no prazo de dous anos. A lei estipulaba que aínda que as asociacións existentes non tivesen que realizar nengunha modificación estatutaria por ser conforme coa nova regulamentación, todas as asociacións debían presentar no prazo de dous anos unha sorte de fe de vida, debendo declarar ao Rexistro no que estean inscritas que se encontran activas e funcionais, identificando o seu enderezo social e os componentes dos seus órganos de goberno.

Esta Lei Orgánica caracterízase por facer un especial fincapé no fomento do asociacionismo polos poderes públicos. Unha das manifestacións deste espírito, que ao longo do texto legal se fai patente de maneira especial no tocante ás asociacións de interese xeral, é a previsión de que se podan constituír os chamados Consellos Sectoriais de Asociacións. Estes órganos, que terán de estar integrados por representantes das Administracións Públicas, das asociacións e por outras persoas en atención ás súas especiais condicións de experiencia ou coñecemento, cumprirán unha función de información, consulta e asesoramento en cada un dos Sectores no que se chegue a crear. Coa instauración destes órganos consultivos preténdese promocionar un medio de colaboración entre a Administración e as asociacións.

¹⁰) asociacions.vigo.org

Esta lei non é de aplicación a aqueles tipos de asociacións regulados por unha lexislación específica (organizacións empresariais, asociacións de consumidores e usuarios, comunidades de propietarios, asociacións deportivas, partidos políticos ou comunidades relixiosas).

As asociacións que se pretendan constituír baixo a vixencia da nova regulamentación deben cumprir os seguintes requisitos relativos á acta fundacional, estatutos e inscrición.

Acta fundacional: A constitución dunha asociación producirase no momento en que, polo menos, tres persoas formalicen un acta fundacional (en documento público ou privado) en que conste a vontade de constituír unha asociación, se aproben uns estatutos que rexan o seu funcionamento e se designen os componentes dos órganos de goberno. As promotoras da asociación poden ser tanto persoas xurídicas como físicas, precisando as primeiras contar co acordo expreso do seu órgano competente mentres que as segundas só precisan contar con capacidade de obrar, consoante co Código Civil. Os menores de idade con máis de 14 anos de idade poderán suprir esa capacidade co consentimento escrito dos seus pais ou tutores.

Denominación: A denominación das asociacións non poderá incluír expresión que induza a erro ou confusión sobre a súa identidade ou sobre a súa clase ou natureza. Tampouco se admitirán as denominacións que inclúan expresións contrarias ás leis ou que coincidan ou se asemellen con outras previamente inscritas no Rexistro.

Estatutos: Con independencia dalgúns datos obvios que deben conter (denominación da asociación, fins e actividades, enderezo,...), deben centrarse na regulamentación dos criterios de admisión e baixa dos asociados, os dereitos e obrigacións vinculados á condición de socio e o establecemento dos órganos de representación e o seu modo de elección.

Inscrición: Coa formalización do acta fundacional e aprobación dos Estatutos, a Asociación ficará validamente constituída, sen esperar á súa inscrición no Rexistro que corresponda segundo o ámbito territorial da asociación.

No caso de Galicia, as de ámbito autonómico farano perante o Rexistro Central de Asociacións, dependente da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. As de ámbito provincial, perante o Rexistro Provincial dependente da Xefatura Territorial correspondente da Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A inscrición rexistral fai pública a constitución e os Estatutos das asociacións, sendo garantía tanto para os terceiros que con elas se relacionan como para os

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

seus membros, pois das obrigacións contraídas con terceiros por unha asociación non inscrita responden persoal e solidariamente, co seu patrimonio, os promotores da asociación. Polo contrario, os socios de asociacións inscritas non responden persoalmente das débedas da asociación, senón que ao pagamento destas débedas só fica vinculado o patrimonio da asociación. En consecuencia, a inscrición no Rexistro supón a separación entre o patrimonio da asociación e o patrimonio dos seus asociados, sen prexuízo dos que tiveren actuado en nome da entidade con dolo, culpa ou negligencia, que responderán perante esta e os seus socios das débedas contraídas polos seus actos.

Prazos: O prazo de inscrición no correspondente Rexistro será de tres meses desde a recepción da solicitude no órgano competente. Transcorrido ese prazo sen notificación expresa da resolución, poderase entender estimada a solicitude de inscrición.

Documentación: En todas as solicitudes de inscrición e de expedición de certificacións rexistradas deberán presentar:

- Copia do NIF do solicitante (só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de Verificación de datos de identidade).
- Documento acreditativo da representación (no seu caso).
- Xustificante de pagamento da taxa correspondente.

As solicitudes deberán presentarse preferibelmente por vía electrónica ou ben en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos utilizando o formulario normalizado dispoñíbel na sede electrónica da Xunta de Galicia¹¹.

Declaración de utilidade pública: As asociacións que persigan obxectivos de interese xeral (por exemplo, aquelas dedicadas a atender a determinados colectivos de persoas, tales como inmigrantes ou vítimas de maus tratos), poderán ser declaradas de utilidade pública. A declaración de utilidade pública dá o dereito a obter axudas e subsidios, a desfrutar de certas isencións e beneficios fiscais e a recibir asistencia xurídica gratuíta. Para solicitar esta declaración é necesario un prazo mínimo de dous anos de funcionamento dedicado ao cumprimento deses fins de interese xeral, cuns medios persoais e materiais que se podan considerar adecuados para o cumprimento deses fins. Caso se reúnan eses fins, o órgano competente (autonómico ou estatal, dependendo do ámbito de actuación territorial da asociación) obterá a declaración de utilidade pública.

11) <https://sede.xunta.es>, consoante o establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

6. Tipoloxía e representatividade do movemento asociativo

Para analizar a tipoloxía e representatividade do movemento asociativo no municipio de Vigo usamos a clasificación elaborada pola Concellería de Participación Cidadá, cuxa distribución responde ás actividades e finalidades das asociacións.

6.1 Tipoloxía

Relativamente á tipoloxía do movemento asociativo vigués, o Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación Cidadá manexa once categorías que inclúen, pola súa vez, diferentes subtipos:

1. Asistencial e da saúde: Esta categoría comprende asociacións socioasistenciais e de intervención social dedicadas á asistencia social, afectados por deficiencia, doenzas e necesidades físicas especiais (físicas, psíquicas, físicas e psíquicas); de prevención e acción contra as adiccións (toxicomanía, ludopatía); de saúde e sanidade; naturistas e esotéricas.
2. Cultura e artísticas: Son asociacións netamente culturais; etnográficas, folclóricas e de música tradicional; de coleccionismo; gastronómicas; de comunicación, radios comunitarias, radio afeccionados, revistas,...; fundacións e centros de estudo; e artísticas en xeral (música; teatro e danza; artes plásticas; literatura; imaxe, cinema, vídeo e fotografía,...).
3. Deportivas e de lecer: Principalmente recóllense baixo esta denominación entidades deportivas (clubes deportivos, agrupacións deportivas escolares, federacións deportivas galegas, sociedades anónimas deportivas, entidades de fomento deportivo con máis de 6000 asociados e ligas profesionais), ben como festivas e de lecer; peñas recreativas e deportivas; de excursionismo, campismo e ecoturismo.
4. Educativas e para a formación: Son asociacións para a formación e a educación; de pais/nais de alumnos (ANPAS); de estudantes e antigos alumnos; e psicopedagóxicas.
5. Sindicais e profesionais: Reúnense aquí os sindicatos; as asociacións empresariais (PMEs, comerciantes, autónomos); actividades profesionais non colexiais e cooperativas sobre economía social.
6. Paz, solidariedade internacional, dereitos humanos, marxinación social, valores,... Este título abranxe as asociacións pacifistas; para a obxección

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

de consciencia e antimilitaristas; de cooperación ao desenvolvemento e solidariedade internacional; en prol dos dereitos humanos e en defensa das liberdades; defensa das minorías, inmigrantes, emigrantes e etnias; relixiosas e de defensa de valores.

7. Ecoloxistas e de protección dos animais domésticos. Inclúen asociacións de protección do ambiente e ecoloxistas e de defensa de animais domésticos.
8. Sectorial da poboación pola idade. Inclúe asociacións especificamente infantís, xuvenís e de pensionistas e da terceira idade.
9. Sectorial da poboación polo xénero e relación. Esta categoría comprende as asociacións de mulleres, de homes, de familia e da parella, incluíndo aquelas de protección dos menores, divorciados/as e separados/as e de homosexuais.
10. Veciñais, de consumidores, sociocomunitarias e socioculturais. Inclúe as asociacións veciñais; de propietarios e de ocupación; de desenvolvemento rural; de animación sociocultural e dinamización, sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceos, casas rexionais; de consumidores e usuarios e comunidades de montes.
11. Outras asociacións sen clasificar.

6.2 Representatividade por tipoloxía

A análise da representatividade de cada tipo de asociación consiste en determinar o número total de asociacións inscritas en cada categoría.

Así sendo, segundo datos de abril de 2014, dun total de 1060 asociacións existente no Rexistro Municipal de Asociacións, a distribución das porcentaxes responde a unha maior relevancia dalgúns tipos de asociacións:

- Como entidades máis representativas sobresaen as deportivas e de lecer (21,8%), as culturais e artísticas (19,5%).
- Nun rango medio encóntranse as asistenciais e de saúde (12,3%) as veciñais, sociocomunitarias e de montes (10,0%) e as pacifistas, de solidariedade, dereitos humanos e valores (8,6%).
- As seis categorías restantes presentan un número reducido de rexistros.

Categoría	2001		2014	
	Número	%	Número	%
Asistenciais e saúde	73	11,7	130	12,3
Culturais e artísticas	112	17,9	207	19,5
Deportivas e de lecer	116	18,6	231	21,8
Educación e formación	51	8,2	79	7,5
Laborais, sindicais e profesionais	24	3,8	52	4,9
Pacifistas, de solidariedade, dereitos humanos e valores	41	6,6	91	8,6
Defensa do ambiente e dos animais	13	2,1	23	2,2
Sectoriais de idade	53	8,5	63	5,9
Sectoriais de xénero e relación	41	6,6	49	4,6
Veciñais, sociocomunitarias e de montes	94	15,0	106	10,0
Consumo e usuarios	7	1,1	7	0,7
Total	625		1060	

O cadro anterior, que recolle o número de entidades existentes no Rexistro Municipal de Asociacións nos anos 2001 e 2014, permite achegar informacións sobre as tendencias participativas no municipio de Vigo.

En primeiro lugar, destacar que o elevado incremento (69,6%) no número total de entidades rexistradas (que pasa de 625 a 1060) pode ser debido non tanto ao incremento do movemento asociativo local como á falta de actualización do rexistro municipal, ao non remover do mesmo as asociacións que deixaron de ser activas. Todas as categorías asociativas, salvo a de consumo e usuarios que fica constante, experimentan un incremento do número de entidades, destacando o 122% producido nas pacifistas, de solidariedade, dereitos humanos e valores, o 116,7% nas de tipo laboral, sindical e profesionais ou o 99,1% na categoría deportiva e de lecer.

No que respecta ás asociacións de tipo cultural, estas experimentaron un incremento do 84,8%, superior ao observado na categoría asistencial e saúde (78,1%) e ambientalistas e animalistas (76,9%).

Finalmente, máis modestos foron os incrementos producidos nas categorías educativa e de formación (54,9%), sectorial de xénero (19,5%), de idade (18,9%) e veciñais (12,8%).

Apesar dos incrementos rexistrados, seis categorías perderon peso relativo no tecido asociativo vigués: entidades de tipo educativo e de formación, as sectoriais de idade, as

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

sectoriais de xénero e relacionamento, as veciñais, sociocomunitarias e de montes e as de consumidores e usuarios.

Unha variábel que permite determinar cuantitativamente as entidades socioculturais activas é a relativa á intensidade de demandas de subsidios ao Concello por parte destas. No estudo «As políticas culturais nas sete principais cidades galegas», realizado en 2007 polo Observatorio da Cultura Galega, das 109 entidades culturais rexistradas no Concello de Vigo, solicitáranse 103 subsidios, sendo concedidos 56. Esta proporción permitiu daquela constatar uns niveis altos de cobertura básica das demandas efectuadas polas asociacións culturais.

Na convocatoria aberta realizada pola Concellaría de Cultura e Festas do Concello de Vigo para a solicitude de subvencións para actividades socioculturais durante o ano 2013, presentáronse 62 entidades, concedéndose subvencións ao 95,2% destas. Esta proporción permite constatar un nivel alto da cobertura básica das demandas efectuadas polas entidades culturais.

Por outro lado, das entidades presentadas, o 46,8% responden a asociacións veciñais e o 11,3% a entidades organizadoras de festas. O número total de entidades que se presentaron a esta convocatoria (62) é moi semellante á mostra obtida neste estudo (64), dando unha noción tanto da representatividade da mostra obtida como do perfil do asociacionismo cultural activo no municipio.

7. Distribución no espazo das asociacións

A cidade está composta por barrios e parroquias de realidades moi diferenciadas. Deste xeito, resultan dificilmente comparábeis Vigo-Centro e as parroquias máis periféricas. De feito, de todas as asociacións rexistradas en 2001 no municipio, o 65,4% situábase no centro urbano, comprendendo como centro urbano barrios periféricos como Bouzas, Coia e parte de Teis. Entre as parroquias destacan as de Lavadores e Cabral que, con porcentaxes de 4,8% e 4,2%, respectivamente, caracterízanse por conter o maior número de asociacións despois do centro.

Unha análise máis detallada dos datos da distribución das asociacións viguesas permite obter unha información significativa sobre a especialización do territorio municipal e, portanto, a orientación das súas actividades con relación á súa localización.

Alcabre: Case dous terzos (65%) son asociacións culturais-artísticas e deportivas-recreativas. Os datos sinalan unha parroquia especializada en actividades lúdicas nun

cadro xeográfico dominado polo protagonismo das praias e os espazos libres. A súa poboación ten perto as instalacións do centro, o que pode explicar a inexistencia de asociacións de carácter asistencial, laboral ou de grupos de idade ou xénero.

Beade: As actividades deportivas, recreativas e de lecer constitúen un terzo das súas preferencias. Logo a seguir destacan as asociacións veciñais e de educación. Estes elementos poden apuntar para un tipo de parroquia bastante poboada, aínda que periférica, que articula as súas procuras através da asociacións de veciños, e que non descoida os aspectos educativos, quer de infraestruturas, que de calidade do ensino, nunha parroquia que precisa desprazamentos ao centro para finalidades laborais ou comerciais. Na área de sanidade carecía de rexistros. Os espazos naturais e as instalacións deportivas desta zona explican a importancia das asociacións deportivas.

Bembrive: Tres cuartas partes (75%) das asociacións son de tipo deportivo, veciñal e de xénero-relacións a partes iguais. A súa calidade de Entidade Local Menor pode determinar a orientación das súas asociacións. Como dato máis relevante destaca a importancia daquelas agrupacións sectoriais polo xénero e pola idade, formulando outros modelos de participación non tan relacionados co espazo como co tecido social, nunha parroquia, en termos comparativos, bastante despoboada.

Cabral: Esta parroquia é unha das máis activas en relación ás prácticas asociativas. Aínda así, as súas actividades concéntranse no deporte e no lecer, e máis nas asociacións veciñais. Estas últimas ocupan un lugar destacado no conxunto municipal pola súa dinámica propia. A confluencia de catro asociacións nun mesmo territorio sinala as discrepancias vividas no seu seo, xa sexa pola súa organización interna, ou polo xeito de artellar as reivindicacións dos seus habitantes. Para alén da existencia de bens naturais e infraestruturas recreativas, son salientábeis as agrupacións culturais e de grupos de idade.

Candean: Deporte, educación e os grupos de idade parecen ser as prioridades asociativas desta parroquia. Esta última tipoloxía é a máis representativa da parroquia comparada co resto do municipio, talvez porque a terceira idade ou a mocidade teñan bastante peso na vida parroquial. Así mesmo, destaca o baixo número de asociacións, con só 8 rexistros.

Castrelos: Situada nunha zona semiurbana, esta parroquia caracterízase pola presenza de asociacións culturais e veciñais. A localización do parque «Quiñones de León» e as súas dotacións no eido artístico e cultural é un dos elementos que contribúen á definición da orientación das actividades desta parroquia.

Comesaña: A tipoloxía de asociacións máis significativa é a veciñal e comunitaria. Habería que analizar a súa traxectoria reivindicativa para coñecer a existencia de

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

infradotacións que xustifiquen esta dinámica. Tamén destaca o reducido número de asociacións doutra índole.

Coruxo: Tres cuartas partes das súas asociacións son culturais e deportivas. Este feito pode vir propiciado pola súa localización, nun espazo cheo de recursos naturais e recreativos. As praias de Canido son un dos seus exponentes.

Freixeiro: A súa catalogación como parroquia resulta controvertida dada a súa proximidade ao núcleo urbano. Os poucos rexistros de asociacións facían das tres asociacións culturais e artísticas aquí situadas a categoría máis representativa.

Lavadores: É a parroquia con máis asociacións despois do centro urbano. O trazo máis salientábel é a importancia que a saúde e a asistencia social teñen para a súa poboación (23,3%), elemento de ruptura co resto de parroquias que teñen, na súa maior parte, esta categoría deserta. As asociacións máis representadas eran as deportivo-recreativas, como ven sendo característico nas parroquias periurbanas.

Matamá: As asociacións deportivas e veciñais concentran máis da metade (55,5%) das asociacións existentes. O baixo volume de rexistros reduce a fiabilidade de análise no resto de categorías.

Navia: Trátase da parroquia con menos asociacións, con tan só dúas rexistradas no ano 2001. Unha educativa e unha outra veciñal.

Oia: As actividades deportivas e de lecer concentran máis dun terzo das asociacións. As súas condicións xeográficas son óptimas para esta finalidade. Tamén destaca a existencia de asociacións de solidariedade e pacifismo, categoría que en xeral, no municipio, presenta poucos rexistros.

Saiáns: Xunto con Navia presentaba o número máis baixo de rexistros, con dúas asociacións en toda a parroquia de carácter veciñal e comunitario.

Sárdoma: As asociacións máis representadas son as veciñais. No resto de categorías só sumaba tres asociacións.

Teis-parroquia: Aínda que resulta difícil distinguir unha parte de Teis como barrio urbano e outra como parroquia autónoma, a división administrativa obriga a esta distinción nunha área na que conviven estes dous aspectos en continuada interacción. Metade das asociacións eran veciñais e comunitarias, dato que torna a apontar a súa complexidade interna.

Valadares: Como ven sendo habitual nas parroquias periurbanas, as asociacións máis representadas son as deportivas e de lecer e as veciñais. Xuntas sumaban o 60% das asociacións.

Zamáns: O dato máis salientábel da parroquia máis afastada do núcleo urbano é que a metade das asociacións eran de educación e formación. Este feito responde á presenza do campus universitario de Lagoas-Marcosende.

Vigo-Centro: As asociacións máis representativas no núcleo urbano eran as culturais e artísticas (20%), o que pode indicar as importantes infraestruturas deste tipo con que conta esta área. As seguintes categorías con máis relevancia eran as educativas e asistenciais, con porcentaxes similares. Este último dato destaca pola importancia que cobran as asociacións asistenciais e de saúde, que se concentran no núcleo urbano, xa que o 79,5% delas radican nesta zona. Os equipamentos sanitarios poden ter moita relación con este feito. Por último, cabe referir o baixo número de asociacións veciñais rexistradas en comparación coas parroquias periurbanas, onde o seu protagonismo é incuestionábel. A totalidade das asociacións de consumo e usuarios localizábanse no centro.

Unha análise da distribución amosaba tres trazos importantes que poden definir a caracterización da distribución espacial do tecido asociativo vigués:

- A concentración da oferta asociativa no centro urbano, con máis rexistros de asociacións e máis variedade.
- A fraqueza do tecido asociativo nalgunhas parroquias. De feito, quince delas non alcanzaban o 2% do municipio, o que indica a escasa operatividade dunha distribución que polariza a información entre o centro urbano e as dezoito áreas restantes (que sumaban o 35% das asociacións).
- As asociacións máis representativas das parroquias periurbanas son as veciñais e as deportivas.

Deste xeito, pódese falar en certo grao dunha especialización nas súas actividades sociais.

A parte máis céntrica, xunto cos barrio de Coia, Calvario e a parte de Teis máis urbana concentran un terzo das asociacións do núcleo urbano.

Distribución espacial no núcleo urbano por tipoloxía de asociación:

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

- Os barrios con máis asociacións asistenciais e de saúde eran Coia e Calvario, cunha quinta parte (20,6%) das asociacións deste tipo do total dos 41 barrios en que está dividido o núcleo urbano.
- As asociacións culturais están máis representadas no Calvario, Centro (zona María Berdiales) e Camelias. Estes barrios concentraban máis dun terzo desta oferta asociativa.
- Existe máis presenza de asociacións deportivas en barrios periféricos como Coia e Teis.
- A maior parte das asociacións de carácter laboral sitúanse entre García Barbón e María Berdiales (24%).
- O 30% das asociacións de grupos de idade concéntranse en Coia e Teis-barrio.
- Máis dun terzo das asociacións de xénero e relación áchanse no barrio de Coia.
- A presenza de asociacións veciñais e sociocomunitarias é maior nos barrios emblemáticos con identidade propia como Bouzas, Coia, Teis-barrio e o Berbés. Salvo este último, parece que a localización periférica ao núcleo urbano tiña máis relevancia.

En conclusión, ao analizar a tipoloxía do tecido asociativo en función dos barrios do núcleo urbano, pódese determinar tanto o seu grao de equipamento ou a existencia de bases sociais máis dinámicas ou integradas para facer dun obxectivo común unha actividade colectiva ou reivindicativa. Esta última característica parece propia dos barrios máis periféricos, como Coia ou Teis, que fixeron públicas moitas das súas carencias através da mobilización cidadá.

Porén, para unha visión máis abranxente da distribución espacial do tecido asociativo o territorio municipal foi estruturado en tres dimensións (aneis), definidos a partir dunha comprensión da cidade como un núcleo central rodeado de aneis ou coroa. Esta estruturación do territorio é moi útil para apreender a especificidade das distintas áreas urbanas, xa que concebe a cidade como un conxunto de partes interrelacionadas en función da distancia ao centro neurálxico, formando unha clara estrutura concéntrica.

Así sendo, os límites da cidade central virían dados por Travesas, Isaac Peral, Pizarro e Travesía de Vigo. O segundo anel rodea o núcleo e abranxe as parroquias e barrios

de Bouzas, Coia, Calvario, Freixeiro, Castrelos, Sárdoma, Lavadores e Teis. Finalmente, as parroquias do terceiro anel serían Alcabre, Navia, Comesaña, Saiáns, Oia, Coruxo, Zamáns, Valadares, Beade, Bembrive, Candean, Matamá e Cabral.

O seguinte cadro mostra (en porcentaxes) distintas tendencias en función do tipo de asociación e a súa localización.

Distribución das asociacións segundo unha estruturación do espazo municipal en aneis concéntricos:

Tipoloxía	Centro	2º anel	3º anel
Asistenciais e saúde	59,4	37,7	2,9
Culturais e artísticas	56,4	26,4	17,3
Deportivas e de lecer	24,3	43,5	32,2
Educación e formación	32,7	32,7	34,7
Laborais e profesionais	56,5	34,8	8,7
Pacifistas, de solidariedade e valores	48,5	39,4	12,1
Ambientais e de animais	38,5	46,2	15,4
Sectoriais poboación pola idade	42,3	36,5	21,2
Sectoriais de xénero, familia e parella	55,0	30,0	15,0
Veciñais, sociocomunitarias e de montes	24,7	40,9	34,4
Consumo e usuarios	85,7	14,3	0,0
TOTAL	42,1	36,1	21,8

Deste xeito, obsérvase unha polarización total da actividade asociativa nas áreas de saúde e asistencia, laboral e consumo. Estas categorías concentraban máis de metade destas asociacións no centro da cidade, mentres que no terceiro anel, nas parroquias do periurbano teñen unha representación mínima (de feito, as 13 parroquias do terceiro anel só representaban o 3% das asociacións asistenciais).

Outra dinámica salientábel é o descenso progresivo no número de asociacións en función dunha maior distancia ao núcleo urbano. Este proceso é visíbel nas categorías de cultura, grupos de idade e xénero e de relacións. Os motivos desta progresión á baixa poden ser cuestións sociodemográficas como a concentración da poboación no centro, ou os perfís de poboación en cada área. Así mesmo, o maior peso da cultura no núcleo urbano pode estar ligado á presenza de equipamentos para estas actividades.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

As asociacións de tipo educativo distribúense equilibradamente no territorio municipal, o que pode estar xustificado polas inxerencias da poboación por unha equidade neste ámbito e a existencia dunha rede extensa de equipamentos educativos.

Detéctase unha serie de prácticas asociativas de carácter netamente parroquial ligado ás sociedades deportivas e ás agrupacións veciñais, que alcanzan no segundo e terceiro anel proporcións máis elevadas que no núcleo urbano (os dous aneis concentran o 75%). Estes casos marcan diferenzas co predominio do centro no total dos rexistros asociativos, sendo, por tanto, actividades e obxectivos que definen a vida na periferia da cidade.

A especialización asociativa do territorio municipal de Vigo podería estar validado pola maior relevancia da asistencia e a saúde, o consumo e a cultura, no núcleo urbano central, mentres que na periferia sobresaen os usos deportivos e recreativos.

PARTE V

RESULTADOS DA ENQUISA

En tres ocasións (maio, xullo e setembro) foi enviado o cuestionario (ver Anexo 5) a aquelas asociacións que se encadraban dentro do ámbito cultural e que figuraban tanto no listado da Xunta de Galicia como no do Concello de Vigo, que foron facilitados por estas institucións.

Analizando ambos listados, observouse que algunhas asociacións estaban repetidas. Por iso, confeccionouse unha soa lista que foi a utilizada para facer o listado de distribución por correo postal.

De forma breve e para que o lector poda apreciar o alcance deste estudo, a seguir pormenorízanse os envíos realizados:

O número total de asociacións existente a partir do listado da Xunta e do Concello de Vigo ascende a 649, das cales 69 están repetidas. Por outra parte, engadíronse 63 asociacións veciñais e outras 37 entidades que non figuraban nestes rexistros. Por tanto, o número total ascendeu a 680 entidades.

Adicionalmente, non se tiveron en conta en conta un total de 111 porque se considerou que o seu perfil non se adaptaba ao obxectivo deste estudo (ver Anexo 4).

Por tanto, o número total de enquisas enviadas por correo postal en cada un dos tres envíos foi de 569.

Listado de asociacións devoltas (correo postal devolto coa indicación de destinatario descoñecido): 132 (ver Anexo 2).

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

Listado de entidades que responderon que no momento actual son inactivas: 19 (ver Anexo 3).

Listado de asociacións que non responderon a enquisa: 354.

Listado de asociacións que responderon a enquisa: 64.

En relación á mostra obtida, nas páxinas seguintes detállanse, para cada unha das entidades, o ámbito territorial e a actividade que desenvolve (ambas con múltiples respostas), así como as súas instalacións dispoñíbeis, ano de fundación, número de socios, orzamento (clasificado por tramos), tipo de financiamento, lingua/s utilizada, actividades levadas a cabo no último ano, valoración da participación e asistencia, satisfacción coa participación, e dificultades encontradas para levar a cabo os seus obxectivos.

Por outra parte, subdividíronse os resultados obtidos entre os diversos tipos de asociacións de acordo coa clasificación que figura no Concello de Vigo: culturais; veciñais; música, teatro e danza; sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceos; fundacións e centros de estudo; etnografía, folclore e música tradicional; literatura; de animación sociocultural e dinamización; comunicación e radio; artísticas; imaxe, cinema, vídeo e fotografía e outras sen clasificación.

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

ENTIDADE	ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN	ACTIVIDADES QUE REALIZA	INSTALACIONES DISPONIBLES	AÑO DE FUNDACION	Nº DE SOCIOS/AS
ACRHR BURDIDA MAGNA	MUNICIPAL, PROVINCIAL, AUTONÓMICO E ESTATAL	CULTURAL	NON	2013	151
AGRUPACIÓN ASTRONÓMICA RÍAS BAIXAS	PROVINCIAL E AUTONÓMICO	CULTURAL	NON	2000	100
AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO	MUNICIPAL	MUSICAIS	SI	1995	26
ALIANZA FRANCESA DE VIGO	MUNICIPAL E PROVINCIAL	IDIOMAS	SI	1951	625
ARTE Y CULTURA PERUANO "MACHUPICHU"	AUTONÓMICO	CULTURAIS	SI	2006	30
ASCIACION DE AMIZADE GALEGO-CUBANA "FRANCISCO VILLAMIL"	AUTONÓMICO	CULTURAIS	SI	1983	181
ASOCIACION VECIÑAL, CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVADORES	MUNICIPAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1976	1500
ASOCIACION ABOAL	MUNICIPAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1995	30
ASOCIACIÓN AMIGOS DE LOS PAZOS	ESTATAL	CULTURAIS	SI	1972	400
ASOCIACION ARTE Y FILIGRANA	MUNICIPAL, PROVINCIAL E ESTATAL	ARTESANÍA	SI	2003	80
ASOCIACION ASTRONÓMICA DE VIGO (ASTROVIGO)	MUNICIPAL, PROVINCIAL E AUTONÓMICO	CULTURAL	SI	2006	77
ASOCIACIÓN CHARANGA VAITE XA	ESTATAL	MUSICAIS	NON	2006	11
ASOCIACION CORAL POLIFONICA ANDURINA	MUNICIPAL	MUSICAIS	NON	2002	45
ASOCIACIÓN CULTURAL ACEIMAR	ESTATAL	CULTURAIS	SI	1993	200
ASOCIACION CULTURAL ADRAL	MUNICIPAL	CULTURAL	SI	2004	49
ASOCIACION CULTURAL CURMÁN DO BARRETE	PROVINCIAL	CULTURAIS E GASTRONOMICAS	NON	2001	55
ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA ÁRBITROS INDEPENDIENTES	MUNICIPAL, PROVINCIAL E AUTONÓMICO	DEPORTIVAS	NON	1995	52
ASOCIACION CULTURAL E MUSICAL "OS TRASNOS DA GAITA"	AUTONÓMICO	MUSICAIS	SI	2004	7
ASOCIACION CULTURAL E VECIÑAL CASCO VELLO	MUNICIPAL	CULTURAIS E SOCIAIS	SI	1975	620
ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO DE AMIGOS DE LINUX DE PONTEVEDRA	PROVINCIAL	INFORMATICA	NON	2002	80
ASOCIACION CULTURAL PEDRA SEIXA	AUTONÓMICO	CONFERENCIAS	NON	2012	43
ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ANDARELA	AUTONÓMICO	MUSICAIS	SI	1989	95

TRABALLADORES/AS	VOLUNTARIOS/AS	FINANCIAMENTO	LINGUA UTILIZADA	CON ACTIVIDADE NO ULTIMO ANO	VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN	VALORACIÓN DA ASISTENCIA	SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN	DIFICULTADES
0	0	100% PÚBLICO	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	S	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	25	75% COTAS ASOCIADOS	OUTRAS	SI	REGULAR	REGULAR	NON	MÁIS AXUDAS ECONÓMICAS
10	300	90% PÚBLICO	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
15	7	90% PRIVADO	GALEGO, CASTELÁN E FRANCÉS	SI	REGULAR	REGULAR	REGULAR	NINGUNHA
0	10	50% PRIVADO	CASTELAN	SI	MOI BOA	BOA	SI	FALTA DE LOCAL PROPIO
0	0	100% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	BOA	REGULAR	NON	FALTA DE COMUNICACIÓN NOS MEDIOS
3	4	60% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	NON RESPONDE	NON TER LOCAL PROPIO
2	10	60% PRIVADO	CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
1	13	100% COTAS ASOCIADOS	CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	80	100% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	7	100% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	SEN ORZAMENTO	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	45	50 % PÚBLICO	GALEGO	SI	BOA	REGULAR	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
2	0	100% PRIVADO	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	MAL	NON	NON RESPONDE
0	8	100% PRIVADO	CASTELAN	SI	MOI BOA	BOA	SI	NINGUNHA
0	0	100% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	NNGUNHA
0	4	NON RESPONDE	NON RESPONDE	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	10	100% PRIVADO	GALEGO	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
1	50	70% PÚBLICO	GALEGO	SI	BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	20	85% PÚBLICO	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	FALTA DE ESPACIO
0	7	100% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	BOA	BOA	REGULAR	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	60% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

ENTIDADE	ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN	ACTIVIDADES QUE REALIZA	INSTALACIONES DISPONIBLES	AÑO DE FUNDACION	Nº DE SOCIOS/AS
ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA QUEIXUMES	MUNICIPAL, PROVINCIAL, AUTONÓMICO E ESTATAL	MUSICAIS	SI	1983	40
ASOCIACIÓN GAMBOA CLUB CULTURAL	MUNICIPAL E PROVINCIAL	ARTE , HISTORIA E MÚSICA	SI	1995	110
ASOCIACIÓN NUEVA ACRÓPOLIS	MUNICIPAL, PROVINCIAL, ESTATAL E INTERNACIONAL	CULTURAIS	SI	1996	50
ASOCIACION PARA A DIFUSIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS E O DESEÑO "AULA D"	MUNICIPAL	NINGUNHA	SI	1999	0
ASOCIACIÓN SIMPLEMENTE MOTEROS	AUTONÓMICO	DEPORTIVAS E CULTURAIS	NON	2008	14
ASOCIACION VECIÑAL "AS NOSAS RÚAS" DA TRAVESÍA DE VIGO	MUNICIPAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1980	380
ASOCIACIÓN VECIÑAL , CULTURAL E DEPORTIVA "SAN XURXO" DE SAÍANS	MUNICIPAL	LÚDICA SE CULTURAIS	SI	1978	310
ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN ROQUE	MUNICIPAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1977	431
ASOCIACIÓN VECIÑAL DE ZAMANS	MUNICIPAL	MUSICAIS E CULTURAIS	SI	1989	370
ASOCIACION VECIÑAL DO CALVARIO	MUNICIPAL	CULTURAIS, DEPORTIVAS E SOCÍAS	SI	1975	650
ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING	MUNICIPAL	LUDICAS E INFORMATIVAS	SI	1990	920
ASOCIACIÓN VECIÑAL FEIRA CABRAL	MUNICIPAL	CULTURAIS E SOCÍAS	SI	1976	248
ASOCIACIÓN VECIÑAL MIÑOCA	MUNICIPAL	CULTURAIS	SI	1998	720
ASOCIACIÓN VECIÑAL NOSA SEÑORA DAS NEVES	MUNICIPAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1989	120
ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA MONTE DA MINA DE CASTRELOS	MUNICIPAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1977	640
ASOCIACION VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA SAMPAIO	MUNICIPAL	DEPORTIVA, CULTURAL E MUSICAL	SI	1976	420
ASOCIACION VIDA DESPUES DE LA VIDA	PROVINCIAL	INFORMATIVA	SI	2010	30
ASOCIACION XARUMA	AUTONÓMICO	SOCIAL	SI	2010	193
ASOCIACION XUVENIL XUNTANZA XUVENIL	MUNICIPAL	CULTURAIS	SI	1992	140
ATENEIO VILA DE BOUZAS	MUNICIPAL	CULTURAL	NON	2009	4
BANDA-ESCOLA MÚSICA DE BEADE	MUNICIPAL, PROVINCIAL, AUTONÓMICO E ESTATAL	MUSICAIS	SI	1985	500

TRABALLADORES/AS	VOLUNTARIOS/AS	FINANCIAMENTO	LINGUA UTILIZADA	CON ACTIVIDADE NO ULTIMO ANO	VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN	VALORACIÓN DA ASISTENCIA	SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN	DIFICULTADES
0	0	NON PAGAN CUOTAS	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	9	75% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	30	90% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	MAL	NON	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	NON RESPONDE	NON RESPONDE	NON	SEN VALORACION	SEN VALORACION	SEN VALORACION	FALTA DE INTERESE
0	0	NON RESPONDE	CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	DIFICULTADE NOS PERMISOS
1	20	80% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	REGULAR	REGULAR	REGULAR	FALTA DE ESPACIO
0	10	59%PUBLICO	GALEGO	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	9	55% PRIVADO	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
1	0	90% PRIVADO	GALEGO	SI	MOI BOA	REGULAR	SI	FALTA DE ESPACIO
0	25	80% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
1	4	55% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	2	95% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	BOA	SI	CARENCIA SUBMINISTROS
0	7	55% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	BOA	REGULAR	SI	FALTA DE ESPACIO
0	10	90% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	NINGUNHA
1	20	55% PÚBLICO	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	15	80% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	2	NR	CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	NINGUNHA
3	15	69% PUBLICO	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	NINGUNHA
1	10	40% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	BOA	BOA	REGULAR	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	AUTOFINANCIAMENTO	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	25	50% PÚBLICO	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

ENTIDADE	ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN	ACTIVIDADES QUE REALIZA	INSTALACIONES DISPONIBLES	AÑO DE FUNDACION	Nº DE SOCIOS/AS
CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO "RUEIRO"	MUNICIPAL, PROVINCIAL E AUTÓNOMICO	MUSICAIS	SI	1982	160
CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALADARES	MUNICIPAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1971	1610
CINE CLUBE LUMIÈRE	AUTÓNOMICO	PROYECCIONES CINEMA	SI	1993	475
CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	PROVINCIAL	DEPORTIVAS E CULTURAIS	SI	1891	4341
CLUB BONSAI	MUNICIPAL	NATUREZA	SI	1988	54
COLECTIVO CULTURAL ALTERNATIVO MALAHERBA	MUNICIPAL	MUSICAIS	SI	2006	8
CORAL MARÍA MADRE DEL BUEN PASTOR	MUNICIPAL, PROVINCIAL E AUTÓNOMICO	MUSICAIS E RELIXIOSOS	SI	1995	35
CORAL POLIFONICA VAL DO FRAGOSO	AUTÓNOMICO	MUSICAIS	SI	1997	30
DIALOGOS 90	MUNICIPAL	CULTURAIS E SOCIAIS	NON	1990	12
FEDERACION DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	MUNICIPAL E PROVINCIAL	CULTURAIS	SI	1990	3200
FUNDACION CARLOS CASARES	AUTÓNOMICO	CULTURAL	SI	2002	90
FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	ESTATAL E INTERNACIONAL	SOCIAIS E CULTURAIS	SI	1995	281
GRUPO ALETHEIA	AUTÓNOMICO	FILOSOFICAS	SI	1991	4
GRUPO POÉTICO BRÉTEMA	AUTÓNOMICO	LITERATURA	SI	1998	35
INSTITUTO CULTURA CIENCIA Y TECNOLOGIA	AUTÓNOMICO	CULTURAIS	SI	2012	13
INSTITUTO GNÓSTICO DE ANTROPOLOGÍA SAMUEL Y LITELANTES	ESTATAL	GNÓSTICAS	SI	2005	3
ORAL DE GALICIA	AUTÓNOMICO	LITERATURA	SI	1997	80
SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA "AMISTAD"	MUNICIPAL	DEPORTIVAS	NON	1996	600
SOCIEDADE DE ESTUDIOS, PUBLICACIONES E TRABALLOS (SEPT)	AUTÓNOMICO	LITERATURA	NON	1991	15
UNION DE RADIOAFICIONADOS DE VIGO - VAL MIÑOR	MUNICIPAL, PROVINCIAL E AUTÓNOMICO	COMUNICACIÓN POR RADIO	SI	1986	76
UNION MUSICAL DE CABRAL	MUNICIPAL, PROVINCIAL E AUTÓNOMICO	MUSICAIS	SI	1986	80

TRABALLADORES/AS	VOLUNTARIOS/AS	FINANCIAMENTO	LINGUA UTILIZADA	CON ACTIVIDADE NO ULTIMO ANO	VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN	VALORACIÓN DA ASISTENCIA	SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN	DIFICULTADES
0	9	80% COTAS ASOCIADOS	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	NON RESPONDE
5	41	NON RESPONDE	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
1	0	50% PÚBLICO	GALEGO	SI	BOA	REGULAR	REGULAR	PROBLEMÁTICA AUDIOVISUAL
29	0	75% PRIVADO	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	54	100% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	25	85% OUTROS	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	NON RESPONDE	CASTELAN	SI	BOA	REGULAR	NON	O HORARIO
0	0	65% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	50% PRIVADO	CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	NINGUNHA
1	13	80% PUBLICO	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	3	40% PRIVADO	GALEGO	SI	BOA	BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
4	38	57% OUTROS	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	NON IMPLICACION DOS UNIVERSITARIOS
0	0	100% PUBLICO	CASTELAN	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	100% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	REGULAR	REGULAR	NON	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	SEN CONTÍA ACTUAL	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	BOA	NON	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	100% OUTROS	GALEGO E CASTELAN	SI	BOA	REGULAR	NON	FALTA DE CONOCIMIENTO
0	6	50% PRIVADO	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	90% COTAS ASOCIADOS	GALEGO E CASTELAN	SI	MOI BOA	BOA	SI	MÁIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	0	100% OUTROS	GALEGO	SI	BOA	BOA	SI	NINGUNHA
0	0	99,9% COTAS ASOCIADOS	CASTELAN	SI	BOA	BOA	SI	MÁIS AXUDAS ECONÓMICAS
0	15	90% PUBLICO	GALEGO	SI	MOI BOA	MOI BOA	SI	MAIS AXUDAS ECONÓMICAS

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

RESULTADOS GLOBAIS

AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACION				
MUNICIPAL	PROVINCIAL	AUTONOMICO	ESTATAL	INTERNACIONAL
61,67%	30,00%	38,33%	16,67%	3,33%

ACTIVIDADES QUE REALIZA			
DEPORTIVAS	CULTURAIS	MUSICAIS	SOCIAIS
20,00%	73,33%	25,00%	11,67%

INSTALACIÓNS DISPONÍBEIS	
SI	NO
82,46%	15,54%

ANO DE FUNDACION					
1890-1970	1971 - 1980	1981 - 1990	1991 - 2000	2001-2010	2011 - 2014
3,51%	14,04%	24,56%	24,56%	28,07%	5,26%

Destaca o ano 1995 con 5 entidades constituídas.

ORZAMENTO						
NON TEN	SEN CUANTIFICAR		1-40.000	40.001-80.000	80.001-120.000	>120.001
3,39%	20,34%		57,63%	5,08%	5,08%	8,47%

FINANCIAMENTO			
PUBLICO	PRIVADO	NON RESPONDE	NON TEN
23,45%	59,60%	3,39%	3,39%

LINGUA UTILIZADA		
GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS
42,11%	17,54%	38,60%

CON ACTIVIDADES NO ÚLTIMO ANO	
SI	NO
98,25%	1,75%

VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
0,00%	3,51%	50,88%	43,88%	1,75%

VALORACIÓN DA ASISTENCIA				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
3,51%	15,79%	38,60%	40,35%	1,75%

SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN			
SI	NO	REGULAR	NON RESPONDE
77,19%	12,28%	7,02%	3,51%

DIFICULTADES ENCONTRADAS			
ECONOMICAS	POUCO ESPAZO	OUTRAS	NINGUNHA
63,16%	10,53%	12,28%	14,04%

RESULTADOS POR CATEGORÍA DE ASOCIACIÓN CULTURAS (18)

AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACION				
MUNICIPAL	PROVINCIAL	AUTONOMICO	ESTATAL	INTERNACIONAL
56,25%	37,50%	18,75%	25,00%	6,25%

ACTIVIDADES QUE REALIZA			
DEPORTIVAS	CULTURAS	MUSICAIS	SOCIAIS
12,50%	87,50%	6,25%	6,25%

INSTALACIÓN DISPONÍBEIS	
SI	NON
73,33%	26,67%

ANO DE FUNDACION					
1890-1970	1971 - 1980	1981 - 1990	1991 - 2000	2001-2010	2011 - 2014
6,67%	6,67%	13,33%	20,00%	33,33%	6,67%

ORZAMENTO						
NON TEN	SEN CUANTIFICAR	1-40.000	40.001-80.000	80.001-120.000	>120.001	
6,67%	6,67%	80,00%				6,67%

FINANCIAMENTO			
PUBLICO	PRIVADO	NON RESPONDE	NON TEN
6,40%	86,93%		6,67%

LINGUA UTILIZADA		
GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS
33,33%	20,00%	46,77%

CON ACTIVIDADES NO ÚLTIMO ANO	
SI	NON
100,00%	

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
	6,67%	53,33%	40,00%	

VALORACIÓN DA ASISTENCIA				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
13,33%	20,00%	26,67%	40,00%	

SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN			
SI	NON	REGULAR	NON RESPONDE
60,00%	26,67%	13,33%	

DIFICULTADES ENCONTRADAS			
ECONOMICAS	POUCO ESPAZO	OUTRAS	NINGUNHA
60,00%	6,67%	13,33%	20,00%

ASOCIACIÓN VECIÑAIS (12)

AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACION				
MUNICIPAL	PROVINCIAL	AUTONOMICO	ESTATAL	INTERNACIONAL
100,00%				

ACTIVIDADES QUE REALIZA			
DEPORTIVAS	CULTURAI	MUSICAI	SOCIAIS
63,64%	100,00%	9,10%	18,18%

INSTALACIÓN DISPONÍBEIS	
SI	NON
100,00%	

ANO DE FUNDACION					
1890-1970	1971 - 1980	1981 - 1990	1991 - 2000	2001-2010	2011 - 2014
	66,67%	33,33%			

ORZAMENTO					
NON TEN	SEN CUANTIFICAR	1-40.000	40.001-80.000	80.001-120.000	>120.001
		50,00%	10,00%	30,00%	10,00%

FINANCIAMENTO			
PUBLICO	PRIVADO	NON RESPONDE	NON TEN
34,60%	65,40%		

LINGUA UTILIZADA		
GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS
66,67%		33,33%

CON ACTIVIDADES NO ÚLTIMO ANO	
SI	NON
100,00%	

VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
	11,11%	44,44%	44,44%	

VALORACIÓN DA ASISTENCIA				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
	22,22%	22,22%	55,56%	

SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN			
SI	NON	REGULAR	NON RESPONDE
77,78%		11,11%	11,11%

DIFICULTADES ENCONTRADAS			
ECONOMICAS	POUCO ESPAZO	OUTRAS	NINGUNHA
55,56%	33,33%		11,11%

MUSICA, TEATRO E DANZA (6)

AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACION				
MUNICIPAL	PROVINCIAL	AUTONOMICO	ESTATAL	INTERNACIONAL
66,67%	50,00%	83,33%	16,67%	

ACTIVIDADES QUE REALIZA			
DEPORTIVAS	CULTURAI	MUSICAIS	SOCIAIS
			100,00%

INSTALACIÓNS DISPONÍBEIS	
SI	NON
83,33%	16,67%

ANO DE FUNDACION					
1890-1970	1971 - 1980	1981 - 1990	1991 - 2000	2001-2010	2011 - 2014
		33,33%	33,33%	33,33%	

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

ORZAMENTO					
NON TEN	SEN CUANTIFICAR	1-40.000	40.001-80.000	80.001-120.000	>120.001
	33,33%	66,67%			

FINANCIAMENTO			
PUBLICO	PRIVADO	NON RESPONDE	NON TEN
37,50%	45,83%	16,67%	

LINGUA UTILIZADA		
GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS
50,00%	16,67%	33,33%

CON ACTIVIDADES NO ÚLTIMO ANO	
SI	NON
100,00%	

VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
		83,33%	16,67%	

VALORACIÓN DA ASISTENCIA				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
	33,33%	50,00%	16,67%	

SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN			
SI	NON	REGULAR	NON RESPONDE
83,33%	16,67%		

DIFICULTADES ENCONTRADAS			
ECONOMICAS	POUCO ESPAZO	OUTRAS	NINGUNHA
83,33%		16,67%	

SOCIEDADES CULTURAIS, RECREATIVAS, DEPORTIVAS, ATENEOS, CIRCULO, LICEO (5)

AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACION				
MUNICIPAL	PROVINCIAL	AUTONOMICO	ESTATAL	INTERNACIONAL
80,00%	40,00%	20,00%		

ACTIVIDADES QUE REALIZA			
DEPORTIVAS	CULTURAIS	MUSICAIS	SOCIAIS
40,00%	60,00%	60,00%	

INSTALACIÓNS DISPONÍBEIS	
SI	NON
100,00%	

ANO DE FUNDACION					
1890-1970	1971 - 1980	1981 - 1990	1991 - 2000	2001-2010	2011 - 2014
20,00%	20,00%	40,00%	20,00%		

ORZAMENTO					
NON TEN	SEN CUANTIFICAR	1-40.000	40.001-80.000	80.001-120.000	>120.001
	40,00%	20,00%			40,00%

FINANCIAMENTO			
PUBLICO	PRIVADO	NON RESPONDE	NON TEN
27,00%	33,00%	40,00%	

LINGUA UTILIZADA		
GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS
80,00%		20,00%

CON ACTIVIDADES NO ÚLTIMO ANO	
SI	NON
100,00%	

VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
			100,00%	

VALORACIÓN DA ASISTENCIA				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
	20,00%		80,00%	

SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN			
SI	NON	REGULAR	NON RESPONDE
100,00%			

DIFICULTADES ENCONTRADAS			
ECONOMICAS	POUCO ESPAZO	OUTRAS	NINGUNHA
60,00%	20,00%	20,00%	

FUNDACIONES E CENTROS DE ESTUDO (5)

AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACION				
MUNICIPAL	PROVINCIAL	AUTONOMICO	ESTATAL	INTERNACIONAL
40,00%	60,00%	60,00%	20,00%	20,00%

ASOCIACIONISMO CULTURAL NO MUNICIPIO DE VIGO

ACTIVIDADES QUE REALIZA			
DEPORTIVAS	CULTURAIS	MUSICAIS	SOCIAIS
0,00%	100,00%	0,00%	20,00%

INSTALACIÓNS DISPONÍBEIS	
SI	NON
100,00%	

ANO DE FUNDACION					
1890-1970	1971 - 1980	1981 - 1990	1991 - 2000	2001-2010	2011 - 2014
0,00%	0,00%	0,00%	40,00%	40,00%	20,00%

ORZAMENTO						
NON TEN	SEN CUANTIFICAR		1-40.000	40.001-80.000	80.001-120.000	>120.001
	20,00%		40,00%	20,00%		20,00%

FINANCIAMENTO			
PUBLICO	PRIVADO	NON RESPONDE	NON TEN
40,60%	39,40%	20,00%	

LINGUA UTILIZADA		
GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS
20,00%	40,00%	40,00%

CON ACTIVIDADES NO ÚLTIMO ANO	
SI	NON
100,00%	

VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
		60,00%	40,00%	

VALORACIÓN DA ASISTENCIA				
MAL	REGULAR	BOA	MOI BOA	NON RESPONDE
		40,00%	60,00%	

SATISFACCIÓN COA PARTICIPACIÓN			
SI	NON	REGULAR	NON RESPONDE
100,00%			

DIFICULTADES ENCONTRADAS				
ECONOMICAS	POUCO ESPAZO		OUTRAS	NINGUNHA
80,00%				20,00%

ETNOGRAFIA, FOLCK E MÚSICA TRADICIONAL (4)

AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACION				
